(Código exp. CODEX XC-2019-195-00100014)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (001.07)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo (001.07.04)

3.2.1. Descrición

Xeración de crédito na aplicación 2019.07.04.521A.607.1, proxecto de gasto 2016.346 (COFINANCIACIÓN CONCELLOS PLAN hURBE), da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, por importe de vinte e cinco mil setecentos trinta e oito euros con corenta e sete céntimos (25.738,47€), correspondente á achega dos concellos de Mondariz Balneario e Trazo, para o cofinanciamento das actuacións definidas nos correspondentes acordos de cooperación asinados.

3.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	07.04..521A.6071	OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO	2016.00346	3110	N	25.738,47	0,00

3.3. EXPEDIENTE XC-11-007-19

(Código exp. CODEX XC-2019-275-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Cultura e Turismo (001.11)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Políticas Culturais (001.11.20)

3.3.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 27.331,25 € na aplicación orzamentaria 11.20.432A.640.2, código de proxecto 2017 00064, procedente do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (POCTEP), PROXECTO 0101_GNP:AECT_1_E, actividades do programa Nortear correspondentes ao ano 2019.

3.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	17	11.20..432A.6402	Promoción da lectura e do libro	2017.00064	5410	S	27.330,75	0,00





3.4. EXPEDIENTE XC-11.A2-002-19

(Código exp. CODEX XC-2019-1-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	ATURGA (306)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

3.4.1. Descrición

A presente modificación ten por finalidade xerar crédito por importe de 900.000€, no orzamento de gastos de 2019 da Axencia Turismo de Galicia, aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, código de proxecto 2018 00002, para dar cumprimento ao contrato de donación asinado o 28 de xuño de 2019 entre a Axencia de Turismo de Galicia e Hijos de Rivera SAU con motivo da celebración do "Ano Santo Xacobeo 2021".

3.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
306	10	11.A2..761A.6400	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	2018.00002	1110	N	900.000,00	0,00

3.5. EXPEDIENTE XC-12.80-044-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100050)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

3.5.1. Descrición

XERACIÓN DE CRÉDITO por importe de 27.476,24 €, no capítulo I, programa 561C, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a investigación sanitaria. A Xeración é como consecuencia dun ingreso da Fundación Biomédica Sur e outro do Ministerio de Economía e Competitividad (MINECO) para a contratación dun técnico de apoio á investigación.

3.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	36.01..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00015	3030		9.803,92	0,00
103	50	36.01..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00015	3230		11.166,81	0,00
103	50	36.01..561C.16000	Seguridade Social	2015.00015	3030		3.196,08	0,00
103	50	36.01..561C.16000	Seguridade Social	2015.00015	3230		3.309,43	0,00

3.6. EXPEDIENTE XC-12.80-045-49

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100052)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

3.6.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 40.000,00 €, no capítulo 1, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a gastos de persoal. A xeración de crédito é como consecuencia do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e ABBVIE SPAIN, para o desenvolvemento e implementación do programa de intervención temperá nos procesos de incapacidade temporal de orixe muscoesquelético.

3.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00019	3210		15.105,75	0,00





COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..412A.16000	Seguridade social	2016.00019	3210		4.894,25	0,00
103	50	36.01..412A.13100	Retribucións básicas	2016.00019	3210		15.105,75	0,00
103	50	36.01..412A.16000	Seguridade social	2016.00019	3210		4.894,25	0,00

3.7. EXPEDIENTE XC-14-024-19

(Código exp. CODEX XC-2019-220-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Planificación Forestal (001.14.03)

3.7.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de cincocentos noventa e oito mil euros con novecientos sesenta e catro euros con setenta e un céntimos (598.964,71 €) correspondente a fondos FEADER e ao seu cofinanciamento de fondos finalistas do Estado no capítulo VI do programa de gasto 713B "ordenación das producións forestais".

O obxecto desta xeración é contar co crédito necesario para actuacións correspondentes ás medidas:

- 0608314A-Prevención dos danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes
- 0608404A-Restauración de dano causado por incendios, desastres naturais e catástrofes
- 0615204A-Conservación de recursos xenéticos en silvicultura no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

3.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.03..713B.6043	Infraestruturas forestais	2016.00196	3020	S	11.807,25	0,00
001	16	14.03..713B.6043	Infraestruturas forestais	2016.00196	4260	S	118.072,50	0,00
001	16	14.03..713B.6044	Restauración para a recuperación da masa forestal	2016.00200	3020	S	34.724,60	0,00
001	16	14.03..713B.6044	Restauración para a recuperación da masa forestal	2016.00200	4260	S	347.246,03	0,00
001	16	14.03..713B.6401	Estudos e Programas de Formación	2016.00202	3020	S	7.919,48	0,00
001	16	14.03..713B.6401	Estudos e Programas de Formación	2016.00202	4260	S	79.194,85	0,00

3.8. EXPEDIENTE XC-14-025-19

(Código exp. CODEX XC-2019-219-00100016)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.14.01)

3.8.1. Descrición

Xeración de crédito no capítulo II, programa de gasto 711A "dirección e servizos do medio rural", por un importe total de catro mil cincocentos vinte e cinco euros (4.525,00 €).

Os ingresos corresponden aos pagamentos efectuados por Eugenio Castro, S.L. (3.000,00 €) e Desguaces A Gándara, S.L. (1.525,00 €), como empresas adjudicatarias dun expediente de alleamento de bens patrimoniais pola venda de 13 vehículos para a súa baixa da Consellería do Medio Rural.

3.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.01..711A.214	Material de transporte	2016.00605	1010	N	4.525,00	0,00





3.9. EXPEDIENTE XC-14.A2-001-19

(Código exp. CODEX XC-2019-12-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

3.9.1. Descrición

Xeración de crédito por un importe total de DEZANOVE MIL DOUSCENTOS EUROS (19.200,00 €) no capítulo VI, programa de gasto 561A, do vixente orzamento de gastos para o exercicio 2019 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Esta xeración de crédito ten por obxecto dotar de orzamento a aplicación orzamentaria 14.A2.561A.640.0 necesario para financiar o gasto de capital da consolidación da Unidade de Investigación en Calidade Nutricional e Seguridade Alimentaria de Sistemas Produtivos Agrarios e sustentables segundo a Orde do 31 de decembro de 2018, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2019, DOG núm. 21 do 30 de xaneiro de 2019. Número de expediente: IN607B2019/13

3.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.6400	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	2019.00004	1110	N	19.200,00	0,00

3.10. EXPEDIENTE XC-14.A2-002-19

(Código exp. CODEX XC-2019-12-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

3.10.1. Descrición

Xeración de crédito por un importe total de QUINCE MIL VINTE E NOVE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (15.029,68 €) en conceptos dos capítulos I e IV, do programa 561A, "plan galego de investigación, desenvolvemento e investigación tecnolóxica", do vixente orzamento de gastos para o exercicio 2019 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Esta xeración de crédito ten por obxecto dotar de orzamento, por unha banda, a aplicación orzamentaria 14.A2.561A.16012, na modalidade 3030, necesario para financiar o custo da Seguridade Social do persoal Doutor e Predoutor financiadas por INIA ou AEI dentro do Proxecto contable 2015-00004 por un importe de 2.729,68 €, e que complementa a Ampliación de crédito que se tramita en paralelo a esta xeración (Por importe de 48.137,20 €). E por outra banda, a aplicación orzamentaria 14.A2.561A.4800 "Axudas Persoal en Formación" necesario para afrontar os gastos de estadias, asistencia a congresos ou matriculas en cursos de doutorado dos bolseiros tal como fixa o artigo 4.5 das convocatorias. Neste último caso a modalidade orzamentaria será a 3010 ao ser un gasto financiado íntegramente por INIA ou AEI segundo convocatoria, por importe total de 12.300,00 €.

3.10.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.16012	Seguridade Social Proxectos de Investigación	2015.00004	3030	N	2.729,68	0,00
409	10	14.A2..561A.4800	Axudas Persoal en Formación	2015.00004	3010	N	12.300,00	0,00

3.11. EXPEDIENTE XC-14.A2-003-19

(Código exp. CODEX XC-2019-12-00100004)





ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

3.11.1. Descrición

Xeración de crédito por un importe total de ONCE MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS (11.375,00 €) en conceptos dos capítulos I e IV, do programa 561A do vixente orzamento de gastos para o exercicio 2019 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Esta xeración de crédito ten por obxecto dotar de orzamento, por unha banda, as aplicacións orzamentarias 14.A2.561A.13112 na modalidade 3030 necesario para financiar o custo en materia de retribucións por un importe de 3.843,75 € e a 14.A2.561A.16012, na modalidade 3030, necesario para financiar o custo da Seguridade Social do persoal Predoutor contratado ao aveiro da resolución do 18 de xuño de 2019 da AEI que finanza a dita contratación, dentro do Proxecto contable 2015-00004 por un importe de 1.281,25 €. E por outra banda, dotar a aplicación orzamentaria 14.A2.561A.4800 "Axudas Persoal en Formación" necesario para afrontar os gastos de estadias, asistencia a congresos ou matrículas en cursos de doutorado dos bolseiros tal como fixa o artigo 4.5 das convocatorias. Neste último caso a modalidade orzamentaria será a 3010 ao ser un gasto financiado integramente por a AEI segundo convocatoria, por importe total de 6.250,00 €.

3.11.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.13112	Proxectos de investigación	2015.00004	3030	N	3.843,75	0,00
409	10	14.A2..561A.16012	Seguridade social. Proxectos de investigación.	2015.00004	3030	N	1.281,25	0,00
409	10	14.A2..561A.4800	Axudas persoal en formación	2015.00004	3010	N	6.250,00	0,00

3.12. EXPEDIENTE XC-23-002-19

(Código exp. CODEX XC-2019-232-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Gastos de diversas consellerías (001.23)
ÓRGANO XESTOR	D. X. da Función Pública. (001.23.04)

3.12.1. Descrición

O Obxecto da presente modificación é xerar crédito por importe de 294.494,05 euros nas aplicacións do capítulo II na sección 23 "Gastos de diversas consellerías" no servizo 04 " Dirección Xeral da Función Pública " que financian os procesos selectivos que está a desenvolver a citada dirección xeral, como consecuencia da recadación efectuada no concepto de ingresos 130101 " inscrición en convocatorias de selección de persoal da Consellería de Facenda"

3.12.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.04..124A.22613	Gastos de funcionamento de tribunais de oposición e probas	2015.00187	1010	N	100.000,00	0,00
001	12	23.04..124A.230	Axudas de custo	2015.00187	1010	N	14.494,05	0,00
001	12	23.04..124A.231	locomoción	2015.00187	1010	N	30.000,00	0,00
001	12	23.04..124A.233	Outras indemnizacións	2015.00187	1010	N	150.000,00	0,00





4. AMPLIACIÓN/BAIXA

4.1. EXPEDIENTE AB-00-060-19

(Código exp. CODEX AB-2019-12-00200002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

4.1.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €) na aplicación orzamentaria 14.04.561A.732.10, que financia o gasto de capital da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) e na aplicación 14.A2.561A.640.0 da devandita axencia.

Baixa de crédito por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €) nas aplicacións 09.A3.561A.781.0 da Axencia Galega de Innovación (GAIN) e na 09.10.561A.732.07 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O obxecto da Ampliación/Baixa é financiar o gasto relativo ao Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación-GAIN e a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) para a promoción de actividades de I+D+I nos centros de investigación dependentes e adscritos á AGACAL, suscrito o 16 de xuño de 2019.

4.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.04..561A.73210	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	2015.00707	1010	N	200.000,00	0,00
409	10	14.A2..561A.6400	GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	2015.00029	1010	N	90.000,00	0,00
409	10	14.A2..561A.6400	GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	2015.00030	1010	N	50.000,00	0,00
409	10	14.A2..561A.6400	GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	2015.00031	1010	N	50.000,00	0,00
409	10	14.A2..561A.6400	GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	2018.00004	1010	N	10.000,00	0,00

4.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	09.10..561A.73207	AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN	2015.00281	1010	N	200.000,00	0,00
304	10	09.A3..561A.7810	A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	2015.00016	1010	N	200.000,00	0,00

4.2. EXPEDIENTE AB-00-061-19

(Código exp. CODEX AB-2019-211-00200005)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.12.01)

4.2.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo 7, programa 411A, do estado de gastos da Consellería de Sanidade para o ano 2019, por importe total de 298.802,07 €. Esta ampliación de crédito na Consellería de Sanidade é como consecuencia da sinatura dun acordo de coordinación entre a Consellería de Facenda e a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde para a realización do derribo de dous edificios situados no "Barrio da Residencia" en Lugo.

4.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.73007	Servizo Galego de Saúde	2015.00442	1010	N	298.802,07	0,00

4.2.3. Partidas orzamentarias de orixe





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Páxina 24 de 31

galicia

COD. COD. APLICACION	DESCRIPCION APLICACION	PROXECTO	MOD. ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE	
001	Edificios e outras construcións	2015.00623	1010	N	123.370,07	0,00
001	Campañas de sensibilización	2017.00059	1010	N	175.432,00	0,00

CSV: BOPGDSPGm807H3KF29
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Informe para o Parlamento

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA





5. IMPREVISTOS

5.1. EXPEDIENTE TR-23-011-19

(Código exp. CODEX TR-2019-229-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Gastos de diversas consellerías (001.23)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda. (001.23.01)

5.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe dous millóns catrocentos catro mil euros (2.404.000 €), do programa 621B "imprevistos e función non clasificadas", á aplicación orzamentaria 23.01.621A.608.2, co obxecto de adquirir un inmovible .

5.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.01..621A.6082	Adquisición edificios	2019.00082	1010	N	2.404.000,00	0,00

5.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1010		2.404.000,00	0,00

5.2. EXPEDIENTE TR-23-012-19

(Código exp. CODEX TR-2019-176-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral para o Deporte. (001.04.40)

5.2.1. Descrición

Transferencia de crédito para o capítulo VII do programa 441A, por importe de 1.915.000,00 euros, con cargo ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas, co fin de incrementar o crédito destinado á adquisición de equipamentos deportivos.

5.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.40..441A.7801	Convocatoria para equipamentos a entidades deportivas	2013.00039	1010	N	1.915.000,00	0,00

5.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1010	N	1.915.000,00	0,00





6. ACORDO DO CONSELLO

6.1. EXPEDIENTE TR-05-055-19

(Código exp. CODEX TR-2019-177-00300005)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Igualdade (001.05.11)

6.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de vintedous mil cento noventa euros (22.190,00 €) de fondos de Pacto de Estado de Violencia de Xénero para financiar as accións específicas de formación que vai desenvolver a Escola Galega de Administración Pública.

6.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.21..122B.43000	Escola Galega de Administración Pública- EGAP	2018.00112	3010	N	22.190,00	0,00

6.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.11..313D.22799	Outros	2018.00112	3010	N	22.190,00	0,00





7. AUTORIZACIÓN CONSELLEIRO

7.1. EXPEDIENTE TR-09-028-19

(Código exp. CODEX TR-2019-199-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Economía, Emprego e Industria (001.09)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.09.10)

7.1.1. Descrición

Transferencia de crédito, por importe de cuatro mil euros (4.000,00 €), no capítulo II do programa 731A dos orzamentos de gastos da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

7.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	09.10..731A.204	MATERIAL DE TRANSPORTE	2015.00280	1010	N	4.000,00	0,00

7.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	09.10..731A.22100	ENERXIA ELECTRICA	2015.00280	1010	N	4.000,00	0,00

7.2. EXPEDIENTE TR-09.80-002-19

(Código exp. CODEX TR-2019-256-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IGCC (107)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

7.2.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 607,26 euros, entre conceptos pertencentes ao capítulo II do orzamento de gastos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, para poder atender o custo do aluguer dunha praza de garaxe para os servizos da Inspección de Consumo en Vigo

7.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
107	10	09.80..613A.202	ALUGUER EDIFICIOS	2015.00006	1010	N	607,26	607,26

7.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
107	10	09.80..613A.212	MANTEMENTO EDIFICIOS	2015.00006	1010	N	607,26	607,26

7.3. EXPEDIENTE TR-09.81-005-19

(Código exp. CODEX TR-2019-57-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	ISSGA (110)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

7.3.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 9.986,00 € entre créditos do programa 324A desde os conceptos 230 e 231 ao 212, co obxecto de atender os gastos de conservación e reparación dos centros territoriais do ISSGA.





COD. COD.	ENT. OF.	APLICACION	DESCRIPCION APLICACION	PROXECTO	MOD. ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE	
110	10	09.81..324A.231	LOCOMOCION	2015.00001	1010	N	9.462,75	0,00
110	10	09.81..324A.230	AXUDAS DE CUSTO	2015.00001	1010	N	523,25	0,00

7.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. COD.	ENT. OF.	APLICACION	DESCRIPCION APLICACION	PROXECTO	MOD. ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE	
110	10	09.81..324A.212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIONS	2015.00001	1010	N	9.986,00	0,00

7.3.2. Partidas orzamentarias de destino

CSV: BOPGDSPGm807H3KF29
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Informe para o Parlamento





8. BAIXA

8.1. EXPEDIENTE BC-12.80-006-19

(Código exp. CODEX BC-2019-59-00100006)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

8.1.1. Descrición

BAIXA DE CRÉDITO no capítulo I, programa 412A, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para 2019, por importe de 454.128,14 €. A baixa de crédito efectúase como consecuencia do financiamento para unha transferencia dende a aplicación 1201/411A/430.07 ás aplicacións 130.01 "outras remuneracións" e 150.00 "produtividade persoal funcionario", para o aboamento de incentivos á actividade de control da incapacidade temporal nos anos 2015 e 2016.

8.1.2. Partidas orzamentarias de destino

8.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.12102	Outros complementos	2016.00014	1010	N	454.128,14	0,00

8.2. EXPEDIENTE BC-14.A1-002-19

(Código exp. CODEX BC-2019-9-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGADER (408)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

8.2.1. Descrición

Baixa de crédito (BC) por importe de cen mil euros (100.000,00 €) nunha aplicación orzamentaria do capítulo VII do programa de gasto 712A "fixación de poboación no medio rural" da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

O obxecto da baixa é financiar actuacións na D.X. de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias vinculadas a Orde de sacrificio obligatorio de animais na aplicación 14.04.713E.770.0.

8.2.2. Partidas orzamentarias de destino

8.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
408	10	14.A1..712A.7600	TRANSF. DE CAPITAL A CONCELLOS	2016.00008	1010	N	100.000,00	0,00





9. AMPLIACIÓN

9.1. EXPEDIENTE AM-05.80-004-19

(Código exp. CODEX AM-2019-52-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	EGAP (101)
ÓRGANO XESTOR	ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

9.1.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 194.347,52 euros, no capítulo IV do orzamento de gastos da EGAP. A finalidade da ampliación é devolver o remanente líquido de tesouraría deste organismo correspondente ao exercicio 2018.

9.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	05.80..122B.4100	A Administración Xeral da Comunidade Autónoma.	2015.00005	1010	N	194.347,52	0,00

9.2. EXPEDIENTE AM-09.80-001-19

(Código exp. CODEX AM-2019-256-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IGCC (107)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

9.2.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 2.586.642,82 euros no capítulo IV, subconcepto 410.0, do orzamento de gastos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para habilitar a devolución do remanente de tesouraría, non afectado, resultante da liquidación do exercicio 2018.

9.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
107	10	09.80..613A.4100	A administración xeral da Comunidade Autónoma	2015.00006	1010	N	2.586.642,82	0,00

9.3. EXPEDIENTE AM-12.80-004-19

(Código exp. CODEX AM-2019-59-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SER GAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

9.3.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo 6, programa 412B, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para 2019, por importe de 298.802,07 €. Esta ampliación de crédito na Consellería de Sanidade é como consecuencia da sinatura dun acordo de coordinación entre a Consellería de Facenda e a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde para a realización do derribo de dous edificios situados no "Barrio da Residencia" en Lugo.


9.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412B.6210	Construción de centros	2018.00006	1010	N	298.802,07	0,00

9.4. EXPEDIENTE AM-12.A1-013-19

(Código exp. CODEX AM-2019-127-00100014)





Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

ENTIDADE / CONSELLERÍA	ACIS (308)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

9.4.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo 4, programa 411A do estado de gastos do orzamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para o ano 2019, por importe de 4.500 € con destino transferencias correntes a familias.

9.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
308	10	12.A1..411A.48000	TRANSFERENCIAS CORRIENTES A FAMILIAS	2018.00003	1010	N	4.500,00	0,00





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

11 OUT. 2019

Núm. 57454

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 9 OUT. 2019

SAIDA

Num. 196

En cumprimento do disposto no artigo 55 bis, apartado quinto, do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro – polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia-, trasládolle *Informe sobre a disposición do fondo de continxencia correspondente ao terceiro trimestre de 2019.*

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



RANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 09/10/2019 14:22:02

CSV: BOPGDSPGm807H3KF29
Verificación: <https://sede.xunta.gal/rans/ites/csv/>



Ref.:mcp/sxo

ASUNTO: Informe sobre disposición do fondo de continxencia da sección 5001

O artigo 55.bis.5 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que a Xunta de Galicia lle remitirá ao Parlamento de Galicia, a través do conselleiro de Facenda, un informe trimestral acerca do emprego do fondo de continxencia regulado neste mesmo artigo.

Para cumprir co anterior, comunícase que no terceiro trimestre deste ano o Consello da Xunta autorizou a seguinte disposición:

- Acordo do Consello da Xunta, na súa xuntanza do día un de agosto de dous mil dezanove, polo que se autoriza a disposición do fondo de continxencia previsto na aplicación orzamentaria 5001.412A.500, por un importe de 24.537.957,26 € (expediente CODEX SC-12.80-001-19 asinado o 02.08.2019).

Como consecuencia do anterior a situación do fondo de continxencia, logo das disposicións autorizadas, resulta:

DISPOSICIÓN

CONCEPTO ORZAMENTARIO	ORZAMENTO INICIAL	CRÉDITO XA EMPREGADO	CRÉDITO DISPONIBLE	CRÉDITO AUTORIZADO	% UTILIZADO
5001.412A.500	31.917.175,00	2.660.000,00	29.257.175,00	24.537.957,26	85,21%

DESTINO

EXPLICACIÓN	PROGRAMA	ART/ CONCEPTO	IMPORTE
Retribucións persoal ao servizo do Servizo Galego de Saúde	412 "Atención especializada" 412B "Atención primaria" 414A "Formación de graduados e postgraduados"	Varios capítulo I	24.537.957,26

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Facenda

(P.D.: 10.02.2015)

O director xeral de Planificación e Orzamentos,

Miguel Corgos López-Prado

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

CSV: BOPGDSPGm807H3KF29
 Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
 Data e hora: 09/10/2019 08:58:49
 Este documento foi asinado electronicamente conforma á Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica. A súa autenticidade poderáse comprobar pola medios asociados á sinatura PAdES ou polo Código Seguro de Verificación no enderezo www.consellerialdefacenda.es
 611060cbe198d3be89659875991a436954a1c09



Á Mesa do Parlamento

Os grupos parlamentarios dos **Socialistas de Galicia**, do **Grupo Común da Esquerda**, do **Bloque Nacionalista Galego** e **Mixto** ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente do Conselleiro de Sanidade en Pleno**, diante da gravidade de que unha persoa falecera no concello de Dozón agardando por unha ambulancia que tardou máis de 45 minutos en chegar.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Xoaquín M^a Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

José Manuel Lago Peñas

Portavoz do G.P. do Grupo Común da Esquerda

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/10/2019 17:31:47

José Manuel Lago Peñas na data 14/10/2019 17:38:39




Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2019 17:39:40





Luis Villares Naveira na data 14/10/2019 17:46:33





Solicitolle, consonte ao disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional para informar "do inicio do curso 2019-20 no ensino non universitario de Galicia".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-BENORRANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 14/10/2019 13:06:59

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: BOPGDSPGm807H3KF29
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

CVE: zCOyJWRVY2
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nestes días coñecemos un artigo de Eduardo Costas, Catedrático da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid, quen, dende o ano 2011, estuda as augas do encoro de As Conchas, en Ourense. No dito artigo, explica que contaminar é máis barato que non facelo (posto que así os produtos non se gravan cos custos de impedir a contaminación) e que, especificamente, o aforro dos custos das actividades que producen contaminación difusa das augas continentais resulta especialmente tentador.

Un dos principais problemas de contaminación das augas continentais é a eutrofización ou aumento na cantidade de nitróxeno e fósforo da auga. Ocorre que nas augas máis eutrofizadas, só unha especie de cianobacteria aporta a maior parte da biomasa: son os “blooms” ou floracións masivas de cianobacterias malas, de tal densidade que a luz non penetra máis que uns poucos centímetros e só hai osíxeno na superficie; por baixo, todo morre. Moitas veces, as especies de cianobacterias que medran nestas augas eutrofizadas producen potentes toxinas, como as microcistinas, que poden provocar danos hepáticos agudos. As microcistinas chegan aos seres humanos de varias formas moi sinxelas: por beber auga, por se bañar, por comer peixe da zona ou ata por respirar, pois cando o vento sopra sobre o encoro, prodúcese un micro-esprai cargado de microcistinas.

Iso é o que leva ocorrendo no encoro das Conchas, no río Limia en Ourense. Contén unha das masas de auga máis eutrofizadas de España. Dende o ano 2011, comezouse a estudar a zona do encoro, concluindo o estudo do profesor Eduardo Costas (e con el coincide a Sociedade Galega de Historia Natural) que a eutrofización das augas do río na zona do encoro se debe, maioritariamente, a vertidos e arrastres por auga de escorrentía de puríns gandeiros e de graxas avícolas e, en menor medida, de mala depuración de residuos urbanos.

Dende hai case unha década non só se está a producir un problema de contaminación masiva ao medio ambiente, senón que, nas zonas onde abundan as microcistinas, a incidencia de cancro de fígado e dixestivos é significativamente maior. Chegou xa o momento de facer compatible a actividade económica (neste



caso gandeira) coa protección ambiental e, sobre todo, coa da saúde das persoas. O Goberno galego leva mirando cara a outro lado dende hai anos e o Goberno de Mariano Rajoy fixo o mesmo. Agora, o Ministerio de Transición Ecolóxica ten posto a exposición pública o documento de declaración como augas afectadas as do encoro das Conchas e xa houbo alegacións. A protección do medio e a saúde das persoas da comarca está en xogo e necesitamos orzamento autonómico para rematar con esta contaminación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que ten feito o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2011 para rematar co problema de existencia de cianobacterias nas augas eutrofizadas do encoro de As Conchas, no río Limia en Ourense, que están a provocar microcistinas?
2. Ten comprobado o Goberno a existencia de sistemas eficaces de depuración de puríns nas empresas da zona? Cantos hai?
3. Sabe o Goberno que incidencia, en relación á existencia de persoas doentes con danos hepáticos agudos (tales como cancro de fígado e dixestivos), hai na poboación da comarca da Limia?
4. Que alegacións ten presentado o Goberno á declaración polo Estado como augas afectadas as do encoro das Conchas?
5. É certo que a Consellería de Medio Rural trata de que non se declaren así?
6. Vai preparar o Goberno orzamento suficiente para rematar con este problema de contaminación e de saúde pública?

Pazo do Parlamento, 04 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2019 10:39:19

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/10/2019 10:39:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/10/2019 10:39:36

María Luisa Pierres López na data 04/10/2019 10:39:45



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Laura, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O servizo público da xustiza é básico para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Mais por desgraza, a Administración de xustiza en Galicia, co Goberno do Partido Popular, sinalou a falla de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa Comunidade ten no eido dunha institución tan esencial.

O artigo 439 da Lei orgánica do poder xudicial establecera a creación das unidades administrativas que, sen estar integradas na oficina xudicial pero como primeiras medidas para a posta en marcha daquela, se encargarían da xefatura, ordenación e xestión dos recursos humanos e sobre os medios informáticos e as novas tecnoloxías. É a Xunta de Galicia a que ten competencias para o deseño, creación e organización destas unidades administrativas e así o asumiu a través do Decreto 148/2010, de 2 de setembro, precisamente creando sete con carácter de urxencia nas principais cidades do país e como un anticipo do profundo proceso modernizador que o goberno galego, dicía, ía comezar. Estas unidades administrativas, dependendo organicamente da Dirección Xeral de Xustiza, desenvolveranse progresivamente, en función de que as posibilidades orzamentarias o permitan, e entrarán en funcionamento de forma gradual.

Máis de 9 anos despois, non hai nin unha soa. Se xa existisen, non tería ocorrido o que sucedeu en Santiago de Compostela o día 30 de setembro, cando estaba prevista a posta en marcha do Xulgado do Social nº 4. Traballadoras e traballadores chegaron ese día aos seus postos e atopáronse con que só había mobiliario; nin liña de teléfono, nin material de oficina (a propia AMTEGA tivo que admitir documentos sen selo porque a Dirección Xeral de Xustiza non os subministrou). Ata tal punto foi surrealista a situación que se orixinou que, para se comunicar co Xulgado, a Xefatura Provincial da Coruña viuse obrigada a chamar aos móbiles dos funcionarios porque non había outro xeito de darlles as indicacións necesarias para que tomasen posesión.

Tampouco tería ocorrido o que sucedeu cos xurados da Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra no coñecido como “crime da rozadora”. Tiveran que estar dous días enteiros deliberando incomunicados para chegar a un veredicto



sen botellas de auga nas horas que duraron as sesións de deliberación, nin comida “decente”, nin cea nin habitacións dispoñibles.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando vai comezar o profundo proceso modernizador na xustiza en Galicia?
2. Está a incumprir o Goberno da Xunta de Galicia o seu propio Decreto 148/2010, do 2 de setembro, firmado polo Presidente e o Vicepresidente do Goberno galego?
3. Vai crear o Goberno as unidades administrativas que, sen estar integradas na oficina xudicial, se encarguen da xefatura, ordenación e xestión dos recursos humanos e sobre os medios informáticos e as novas tecnoloxías, como establece o dito decreto de 2010? Cando?
4. Por que non se teñen desenvolvido progresivamente, como establece o dito decreto de 2010?
5. Por que non teñen entrado en funcionamento de forma gradual, como establece o dito decreto de 2010?
6. Pensa o Goberno que, de existiren, terían evitado desastres como os que sucederon recentemente no Xulgado do Social nº 4 de Santiago de Compostela e hai uns meses cos xurados da Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 03 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porrirt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2019 10:44:20

María Teresa Porrirt Lueiro na data 04/10/2019 10:44:28

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/10/2019 10:44:40



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A política de publicidade e propaganda do goberno Feijóo dende 2009 ten un dos seus exemplos máis notorios no asunto Pemex. Tódolos galegos e galegas recordamos a desconexión en “prime time” da televisión pública para que o presidente presentara a empresa mexicana Pemex, como unha especie de “Eldorado” para Galicia. Nun momento, ademais en que as taxas de desemprego eran moi elevadas nas comarcas máis industrializadas do país.

Falou o presidente Feijóo dunha morea de contratos de construción de buques nos estaleiros galegos, tanto os privados en Vigo, como os públicos en Ferrol, ademais do establecemento dunha base loxística de distribución de hidrocarburos de Pemex para Europa no porto de Punta Langosteira. Íanse a construír, ademais dous floteis, tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, outro buque-hotel, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e os remolcadores... só se construíron dous floteis.

Noutra precampaña, a empresa anunciou a entrada no capital de Barreras, cun control do 51 % desde 2013. Co anuncio de establecer unha “alianza estratéxica” que a Xunta de Galicia impulsou coa petroleira; foi logo dunha ampliación de capital de 5,1 millóns abonada ao completo por Pemex para salvar a empresa ante a mala situación de Barreras, que lle permitiu aos mexicanos acceder a tecnoloxía naval da empresa galega para iniciarse na construción naval.

Os galegos e galegas vimos que neste escenario de publicidade e propaganda, a realidade lamentablemente acabou por imporse. Aínda que Pemex anunciou a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 no estaleiro de Barreras (Vigo), xa no mes de novembro de 2016, manifestou que non se ía construír ese novo buque e que paralizaba a futura, e non comezada, base loxística de Punta Langosteira (A Coruña). Os dous floteis construídos foron o único resultado da xigantesca operación de propaganda.

Agora, en 2019, Pemex anunciou que deixa Barreras e abandona Galicia tras sete anos de presenza e só os dous floteis construídos. A petroleira estatal mexicana considera o estaleiro vigués un activo non estratéxico e intenta diminuír a súa elevadísima débeda, e todo parece indicar que México quere retirarse de maneira precipitada do capital de Barreras por orde do novo Goberno de López Obrador.



As últimas novas apuntan a que a Xunta de Galicia valora agora intervir no rescate de Barreras, media década despois de dalo por salvado grazas a Pemex e cando o Presidente Feijóo presumiu dun movemento que era positivo "para os traballadores, para o sector e para toda Galicia". Agora, a Xunta reconece "preocupación" e o vicepresidente, Alfonso Rueda, considera a Barreras un activo "moi importante", tanto polo tamaño como pola "carga de traballo vixente" e os centos de empregos directos, indirectos e na industria auxiliar, tendo na actualidade unha carteira de pedidos duns 900 millóns, polo que demanda coñecer as necesidades reais de Barreras para procurar unha solución "integral" para a empresa e as auxiliares.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Tendo en conta a importancia estratéxica do sector naval, que valoración fai o Goberno galego da situación actual de Barreras?
2. A empresa Hijos de J. Barreras recibiu fondos públicos da Xunta de Galicia (especialmente a súa accionista maioritaria, Pemex) para os seus investimentos en Galicia, tanto para a construción naval, como para a adquisición do estaleiro Barreras?.
3. No caso de telos recibido, cales teñen sido os mecanismos de control postos en marcha por parte da administración autonómica en relación aos fondos aportados a estas operacións empresariais?
4. Vai realizar a Xunta de Galicia un informe sobre o posible impacto negativo que provocará a saída da petroleira Pemex do accionariado da navieira Barreras e con relación ás súas auxiliares.
5. Vai a Xunta de Galicia abrir unha mesa de traballo entre a empresa Hijos de J. Barreras, os seus acredores e a Xunta de Galicia para tentar chegar a un acordo antes de que remate o prazo do concurso de acredores, así como procurar a viabilidade que permita a continuidade do estaleiro?
6. En que consiste a "intervención da Administración" que anunciou o presidente da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 04 de outubro de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2019 17:32:12
Nº Rexistro: 57041
Data envío: 04/10/2019 17:32:12.339

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/10/2019 17:25:15

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/10/2019 17:25:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2019 17:25:42

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGm807H3kF29
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A Comunidade Valenciana foi o laboratorio que o Partido Popular empregou para desenvolver a súa política de privatización sanitaria, tanto da Atención Especializada como da Atención Primaria. En 1997, a Generalitat decidiu construír e xestionar dende unha entidade privada un novo hospital público a cambio de pagar un canon por cada habitante asignado ao centro privado. Eduardo Zaplana, presidente de la Generalitat nese momento, creou Ribera Salud. Ribera Salud actualmente é propiedade do *Banco Sabadell* (10%) e a multinacional norteamericana Centene Corporation (90%).

O primeiro centro concertado con Ribera Salud foi o Hospital de Alzira e esa experiencia pódese resumir en *múltiples* prácticas irregulares -irregularidades na adxudicación das concesións, deterioro da calidade, sobrecustes non contemplados nos contratos, trampas na licitación, etc-. A saúde das persoas convertida nun gran negocio: peores condicións laborais que na xestión pública, menos persoal, maior xornada laboral que nos centros públicos (200 horas máis ao ano), salario un 15% inferior que a media dos hospitais públicos. E a todo isto hai que engadir que o gasto por habitante no Hospital de Alzira era 170 euros superior ao gasto dos hospitais públicos.

Ante este exemplo de xestión, o temor aparece cando o Grupo Nosa Terra XXI asina a venda do Hospital Povisa a Ribera Salud, faltando unicamente o beneplácito de Competencia.

Aínda que semelle incríbel, ante esta noticia o Sergas declara que o último concerto se asinou en 2014, cunha duración prevista ata 2022 e que “no caso de confirmarse, o Sergas esixirá e defenderá o mantemento da calidade asistencial



na área sanitaria e o mantemento dos postos de traballo"; "Povisa seguirá sendo o hospital de referencia para un máximo de 139.000 persoas da área de Vigo ata ese ano".

Obvia o Sergas que Povisa é o único centro sanitario privado de Galicia que ten asignado un sector da poboación, o único que mantén un concerto singular co Sergas que o converte no hospital de referencia para 135.000 persoas de Vigo e as comarcas de O Morrazo e O Val Miñor. E omite que dito concerto foi mellorado en 2019, asumindo o SERGAS o subministro directo da medicación ambulatoria prescrita.

Povisa é a segunda empresa con máis empregados de Vigo (1.350 traballadoras/es), tras o grupo PSA.

Obvia tamén o Sergas que as 135.000 persoas que teñen como centro de referencia Povisa non escolleron a atención de Ribera Salud, polo que se están a vulnerar os seus dereitos pois cando fixeron a escolla de hospital non tiñan información sobre os plans de venta do mesmo.

Povisa mantén concertos coa sanidade pública dende os anos 70, mantendo dende entón unha gran presión sobre a sanidade pública que tivo como consecuencia que tanto o Hospital do Meixoeiro como o novo Hospital Álvaro Cunqueiro fosen construídos coas dimensións e dotacións que garantiran a continuidade do negocio de Povisa. Así, ao longo dos anos, a Xunta favoreceu POVISA como hospital substitutorio das prestacións públicas para unha parte importante da poboación e non fiscalizou efectivamente a súa contabilidade, permitindo ademais condicións laborais precarias e salarios conxelados durante unha década.

En 2018, a Generalitat valenciana decidiu non renovar a concesión do Hospital de Alzira e revertela á sanidade pública. Actualmente estase a tramitar o rescate do Departamento de Salud de Dénia-La Marina, que xestiona Marina Salud. É hora de que a Xunta faga o mesmo.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia:

1. Tiña coñecemento a Xunta de Galicia da intención do Grupo Nosa Terra XXI de vender o Hospital Povisa? Cando tivo coñecemento das negociacións entre Povisa e Ribera Salud?
2. Cal foi a primeira actuación que adoptou cando tivo coñecemento da venda de Povisa?
3. Contempla o concerto a posibilidade de cambiar a propiedade e dirección de Povisa durante a vixencia do mesmo?
4. Considera que as persoas derivadas polo Sergas actualmente ao Hospital Povisa nas condicións estipuladas no Concerto deberían ter opción de reconsiderar a súa adscrición a Ribera Salud?
5. Vai buscar fórmulas para a adquisición do Hospital Povisa polo Sergas, rematando así coa histórica discriminación sanitaria da EOXI de Vigo?
6. Vai recibir ao Comité de Empresa de Povisa?
7. Está de acordo co modelo sanitario do PP na Comunidade Valenciana?
8. Que medidas tomará a Xunta para garantir a permanencia de postos de traballo en Povisa?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/10/2019 10:50:56



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O día 2 de outubro publicábase no DOG a RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se modifica a Resolución do 15 de maio de 2019, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2019/20.

Pero antes, o día 30 de setembro coñeciamos a través da prensa escrita que en máis de 30 concellos: poderase cazar todos os días ata marzo.

Segundo a directora xeral de Patrimonio Natural, na nova tempada de caza, a novidade máis importante é a declaración de zonas de emerxencia cinexética temporal nas comarcas de Betanzos - Eume, Terra Chá, Viana e Deza, por concentrar a maioría dos avisos por danos.

Nos terreos cinexéticos dos 33 concellos que forman estas comarcas durante a tempada de caza non hai límite de exemplares e a caza esta permitida todos os días da semana, con comunicación previa ás xefaturas territoriais.

O xabaril, no tema de tráfico, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, ata o 5 de setembro producíronse 1.805 accidentes de tráfico relacionados con este animal, máis de sete ao día.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten feito algún estudo o Goberno galego polo que adoptou a decisión de cazar todos os días da semana, en caso afirmativo, cal?

2ª) Cales foron os criterios para escoller os concellos onde se aplicará esta actuación?

3ª) Vai o Goberno galego admitir comunicacións previas que non sexan solicitadas polo Tecor?



- 4ª) Tendo en conta as críticas desde diferentes colectivos, contaron coa opinión dos distintos axentes sectoriais para tomar era decisión?
- 5ª) Cal é o número mínimo de cazadores para poder cazar xabaris todos os días da semana?
- 6ª) As comunicacións previas, cantos días de validez teñen?
- 7ª) Teñen previsto o aumento do custe dos seguros de responsabilidade civil dos Tecor?
- 8ª) Cales son as condicións en relación aos días permitidos nas zonas libres?
- 9ª) Ten O Goberno galego identificados os puntos negros de atropelos de xabari?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/10/2019 18:26:09

Oscar Vilar Chento na data 07/10/2019 18:26:26



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O primeiro luns de outubro celébrase cada ano o Día Mundial da Arquitectura. E este ano a Unión Internacional de Arquitectos dedicouno á imperiosa necesidade de conquistar que unha vivenda para todas e todos sexa un dereito e non só un desexo.

Esta mensaxe, que é universal, ten unha lectura propia no ámbito galego.

O recente Informe sobre exclusión e desenvolvemento social en Galicia da Fundación Foessa revela que a metade da poboación de Galicia (o 49,8 %) considera que a Administración ten o deber de garantir o acceso a unha vivenda a toda a poboación, e a outra metade (o 49,7 %) que ese deber ten que limitarse a aquela poboación en situación de necesidade. En todo caso a práctica totalidade da poboación galega, considera que o acceso a unha vivenda ten que ser garantido, en todo caso para os colectivos máis vulnerables.

En Galicia, son moitos galegos e galegas as que viven a día de hoxe en vivendas que son ou ben inadecuadas ou ben inseguras. Fronte ó que acontece no resto de España, é maior a porcentaxe de persoas en Galicia que viven en vivendas inseguras, con vulnerabilidade á expulsión da vivenda, ou con inseguridade xurídica do aluguer e da tenencia, fronte a aquelas que o fan en vivendas inadecuadas. Por inadecuadas se entenden aquelas que non reúnen as condicións mínimas para vivir. Estas poden ser:

- Non ter as características construtivas adecuadas para ser habitadas (deficiencias graves na construción, estado de ruina, etc.).
- Non dispoñer de subministracións e dotacións adecuadas para permitir a hixiene e a salubridade (auga corrente, auga quente, enerxía eléctrica, evacuación augas sucias, etc.).
- Non darse as condicións adecuadas para vivir en condicións de confortabilidade e privacidade (sobreocupación, existencia de barreiras arquitectónicas en vivendas con persoas con discapacidade, etc.).



E as cifras son moi alarmantes posto que son preto de 205.000 persoas en Galicia, o 7,6 % da poboación galega, quen reside nunha vivenda insegura en Galicia e 149.000, o 5,5 % da poboación quen o fai nunha vivenda inadecuada.

Isto sumado á pobreza enerxética que ten levado a que o 9,8 % da poboación tivera problemas para o pago de gastos relacionados coa vivenda e o 5,1 % para facer fronte a avisos de corte na subministración de luz, auga ou teléfono, dános unha idea clara de que os custos que conleva unha vivenda, tanto para o acceso, como o seu mantemento, seguen a ser especialmente gravosos para unha porcentaxe aínda elevada da poboación galega.

Son por tanto 47.400 os fogares galegos que viven a día de hoxe en vivendas inadecuadas, e que representan a eses 149.000 galegos e galegas que viven en precario.

A Xunta de Galicia a través do Plan Rehavita ten posto a disposición, pero só para os concellos con menos de 10.000 habitantes unha partida anual para axudar á erradicación da infravivenda en Galicia. Sen embargo fronte ós 500.000 € destinado no 2017, no ano 2018 esta cantidade se viu reducida a 300.000 €. Neste ano tamén volveu reducirse, con tan só 200.000 €.

Ata o momento foron 19 o total de concellos da Galicia rural beneficiados desde o 2017 con estas axudas, e apenas 34 os fogares atendidos.

Sen embargo o problema das infravivendas é unha realidade que afecta a todo o territorio galego e que debería ser abordada en todos os concellos.

Máxime cando unha porcentaxe alta das infravivendas están situadas nos extrarradios dos grandes concellos de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É consciente o Goberno de que son 47.400 os fogares en Galicia que residen en vivendas cualificadas como inadecuadas?
2. Ante esta situación, e o baixo grao de atención que ten demostrado o Programa de Infravivenda do Plan Rehavita, con apenas 12 e 22 casos atendidos no 2017 e no 2018, que medidas ten pensado impulsar para mellorar o grao de atención das familias máis vulnerables de Galicia?



3. Entende o Goberno, que estas axudas, van destinadas a persoas propietarias, pero con moi baixos recursos para poder asumir melloras nas súas vivendas?
4. Cal é a razón pola que as partidas destinadas desde o 2017 a este Programa de Infravivenda se teñen reducido sistematicamente ano tras ano, cando a demanda pola contra se ten incrementado?
5. Cree que é asumible para Galicia que tantos e tantas galegas teñan que vivir en condicións tan lamentables?

Pazo do Parlamento, 07 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/10/2019 10:15:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2019 10:15:40

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 10:15:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo. Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación das condicións son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora das mesmas para a empresa e un custo para o Servizo Galego de Saúde, xunto cun endurecemento das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Neste sentido, o rexistro dun precurso de acredores serviu como presión para a última negociación dunhas novas condicións que remataron coa aceptación por parte do Sergas de máis recursos públicos para POVISA.

O último informe do Consello de Contas sobre a fiscalización do concerto, advirte literalmente da falta de transparencia no desenvolvemento do proceso de negociación, da non xustificación da forma de cálculo ou do valor estimado do contrato, informacións que unidas á falta de transparencia nas propias contas da empresa ou o retraso no depósito das mesmas en plenas negociacións, resultan bastante alarmantes tendo en conta o gasto que supón este concerto sanitario para



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

as arcas públicas ou a dependencia que ten a Área sanitaria de Vigo das súas prestacións.

Ademais, o Consello de Contas recomenda ao Sergas facer un análise das prestacións sanitarias que permita unha idónea comparativa co coste por paciente en centros públicos, o que obrigaría a unha maior eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade e por suposto unha maior transparencia, requisitos imprescindibles que non están a facerse.

Con todo, as últimas novas en relación a este tema informan da formalización dunha venda ao grupo Ribera Salud, cuxo maior propietario é a aseguradora norteamericana Centene Corporation e que ten en España antecedentes negativos na sanidade, como o Hospital de Alzira na Comunidade Valenciana á que debe 140 millóns de euros.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Cal é a opinión que lle merece ao Goberno da Xunta de Galicia a venda a un fondo estranxeiro dun hospital galego do que depende centos de miles de cartillas e miles de postos de traballo?
- Está a o Goberno da Xunta de Galicia participando nas negociacións?
- Cal é o papel que está xogando o Goberno en relación a esta venda?
- Cales son as xestións e medidas realizadas polo Goberno para dar cumprimento das recomendacións do Consello de Contas?
- Considera o Goberno que se está a actuar con transparencia neste tema?
- Ten coñecemento o Goberno de que recursos públicos foron para asistencia sanitaria?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Ten o Goberno estudado algunha fórmula para a adquisición do Hospital garantindo postos de traballo e asistencia sanitaria dende unha xestión pública?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/10/2019 12:35:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

O brote hídrico que tivo lugar o 21 de setembro en Corme que afectou a decenas de veciños, puxo de manifesto unha mala xestión por parte da Consellería de Sanidade en relación aos protocolos de avaliación e control sanitario para a protección da poboación no que respecta á sanidade ambiental.

De feito, o incidente non foi investigado polas autoridades sanitarias ata o luns 23 de setembro, co risco de exposición da saúde da poboación durante eses días.

O conxunto de Organizacións sindicais ademais, levan moito tempo demandando unha negociación coa consellería na que se estableza un sistema de gardas dos e das inspectoras farmacéuticas para poder actuar neste tipo de emerxencias sanitarias todos os días do ano. De feito, reclaman tamén o cumprimento do acordo asinado o 23 de novembro do ano 2016 que permite as inspectoras e inspectores farmacéuticos acometer mellor o seu traballo, pois xa no ano 2016 denunciaban redución das inspeccións sanitarias e alertaban do perigo que iso supoñía ao non traballar fines de semana ou festivos, o que provoca que nunha alerta sanitaria como a de Corme, as mostras non se recollan ata o día que sexa laborable.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Interpelación:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Por que o Goberno non está dando cumprimento do acordo acadado coas Organizacións Sindicais o 23 de novembro do 2016?
- Considera o Goberno que existen os protocolos axeitados para dar resposta a este tipo de situacións?
- Que valoración fai o Goberno sobre a actuación da Consellería neste episodio de alerta sanitaria?
- Ten pensando o Goberno levar a cabo algunha medida despois do acontecido?
- Valora o Goberno sentarse a negociar coas Organizacións Sindicais un sistema de gardas das e dos inspectores farmacéuticos que mellore a actual situación?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/10/2019 13:00:25



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

As condicións que sofren as persoas sen fogar constitúen probablemente o peor rostro da exclusión social no noso país e, ademais, o máis visible. Con todo dita visibilidade, o “senfogarismo” é un dos fenómenos peor coñecidos e que adoeceu de falta de políticas integrais na súa intervención.

A fonte de información máis importante sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia é o Instituto Nacional de Estatística (INE), que publica con carácter bienal a “*Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar*”, na que dá a coñecer as súas principais características, prestacións que ofertan, e o volume de persoas usuarias que rexistraron. Ademais, cunha frecuencia irregular, este organismo publicou a “*Enquisa a Persoas sen fogar en España*”, para dar a coñecer o perfil sociodemográfico e as súas condicións de vida, con datos dispoñibles por comunidades autónomas. Ambas as enquisas dan información relevante sobre a poboación sen fogar usuaria habitual ou ocasional da rede de recursos específicos.

Recentemente publicouse a “Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar” do ano 2018 que revela que Galicia conta con 73 centros cun número medio de prazas de 1.304, que teñen unha ocupación media do 81,9 %. O gasto medio en cada un deles sitúase en 218,9 euros, por debaixo na media estatal que está en 300,6 euros. A maioría do persoal que presta os seus servizos nestes centros son voluntarios e voluntarias (o 43,6 %). Destaca tamén que Galicia non conta na actualidade con ningunha vivenda que participe no programa Housing First.

Housing First utiliza a vivenda como punto de partida máis que como obxectivo final. Neste servizo o primeiro que se proporciona antes que calquera outro tipo de apoio ou intervención é o aloxamento, por iso se denomina “vivenda primeiro”. É capaz de focalizarse de maneira inmediata en que unha persoa se manteña afastada satisfactoriamente no seu propio fogar formando parte dunha comunidade. Pero Housing First tamén busca melloras na saúde, o benestar e as redes de apoio social das persoas sen fogar coas que se traballa. Este enfoque é moi diferente ao dos servizos que tentan conseguir que as persoas sen fogar con



grandes necesidades de apoio estean “preparadas” para acceder a unha vivenda antes de ofrecerlla. Neste tipo de servizos para persoas sen fogar o aloxamento chega o “último”.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da atención ás persoas sen fogar na nosa comunidade autónoma?
2. Considera que o investimento da Xunta de Galicia é suficiente para a atender correctamente as necesidades destas persoas?
3. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante a X lexislatura para reforzar a atención as persoas sen fogar?
4. Que opinión ten o Goberno galego sobre o programa “Housing First”?
5. Por que a Xunta de Galicia non puxo en marcha ata o de agora este programa?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/10/2019 13:25:58

María Luisa Pierres López na data 08/10/2019 13:26:07

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2019 13:26:18



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Xa pasaron cincuenta anos de Stonewall, corenta e dous dende que as persoas LGTBI saíron por primeira vez a manifestarse por unha igualdade real e legal, trinta da derogación da lei sobre perigo e rehabilitación social, e catorce anos da aprobación da lei do matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Memoria histórica dunha loita colectiva que forma parte da cultura e da identidade non só da comunidade LGBTI, senón de toda unha sociedade que empuxaba cara a unha sociedade libre e democrática.

A realidade é que as persoas maiores LGTBI aínda non senten visibles ante a sociedade. Isto débese, entre outras cousas, a que manteñen vivo o temor ao rexeitamento sufrido durante a ditadura, e tentan non relacionarse en público con outras persoas homosexuais. A diversidade sexual na vellez apareceu hai ben pouco nos estudos sociolóxicos e foron as propias persoas maiores lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais os que impulsaron e levaron á area institucional, académica e de atención pública, a atención acerca da necesidade de recoñecemento nos servizos públicos sobre as súas especificidades.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia defendemos que as persoas independentemente da súa idade, orientación sexual ou identidade de xénero, deben ter garantidos os seus dereitos para ter unha vida plena e independente, e a sociedade debe ter a oportunidade de beneficiarse das achegas das e os máis maiores. Para iso, debe combaterse calquera tipo de discriminación debida á idade, orientación sexual ou identidade de xénero, e consolidar uns servizos públicos que favorezan o mantemento da saúde e o benestar físicos, mental e emocional. Apoiaremos ás persoas LGTBI para que avancen na plena visibilidade no ámbito da política, a ciencia, a docencia, a empresa, o deporte, a fin de que en cada espazo social se visualice a realidade e poidanse dotar de referentes ás e os e as máis novas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do grado de cumprimento da *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia?*
2. Cando ten previsto a Xunta de Galicia desenvolver esta normativa?
3. Que medidas adoptou o goberno galego durante a X lexislatura para visibilizar as persoas maiores LGBTI?
4. Considera a Xunta de Galicia necesario tomar medidas que fomenten actividades divulgativas e de investigación relacionadas coa recuperación da memoria histórica LGTBI?
5. En caso afirmativo, que actuacións ten previsto levar a cabo durante a X lexislatura neste ámbito?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/10/2019 13:39:32

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2019 13:39:40

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 13:39:50





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:45:36
Nº Rexistro: 57149
Data envío: 08/10/2019 13:45:36.251

María Teresa Porritt Lueiro na data 08/10/2019 13:39:59

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGm807H3Kf29
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do estaleiro Barreras.

A suposta recuperación do sector naval vinculada a Pemex vén de sufrir un revés máis coa noticia de que Barreras entra en concurso de acredores.

Lembramos que hai algo máis de sete anos, o 24 de maio de 2012, o Telexornal da TVG interrompeu o seu ritmo habitual para conectar co salón nobre do Pazo de Raxoi, que a Presidencia da Xunta reserva para as súas recepcións máis solemnes. Tratábase de ser testemuñas da sinatura entre o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feireo e o, por aquel entón, director xeral de PEMEX, dun acordo que segundo anunciaran traería enormes negocios para o sector naval galego: froteis, porto exterior da Coruña, control de Barreras...

O final daquela historia é sabido, no limbo quedaron numerosos anuncios de Feijóo: tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e os remolcadores. Tampouco chegou a terminal no porto exterior da Coruña, á que renunciou finalmente Pemex. Pola contra, o goberno mexicano denunciou posibles casos de corrupción e, finalmente, atopámonos coa recente entrada do estaleiro vigués Barreras en concurso de acredores despois de que a xunta de accionistas de Barreras cesara a García Costas como presidente do estaleiro.

Foi a primeira peza que se moveu ante a importante crise que ten o estaleiro. Agora plantéxase unha operación de rescate que non descarta a Xunta pero que planea a compañía hostaleira internacional The Ritz-Carlton, que ten un cruceiro de luxo construíndose en Vigo e varios pedidos máis pendentos. O sobrecusto



xerado pola construción deste barco para a división navieira da empresa hostaleira abocou a Barreras ao precurso de acredores, que solicitou formalmente no xulgado esta semana a modo de medida de protección. O desfaseamento, sobre os 240 millóns do contrato, supera os 100 millóns; a débeda no pago a provedores e equipos sitúase en 20 millóns.

Polo momento, en virtude do precurso solicitado, a empresa ten catro meses para negociar cos acredores e, en caso de non logralo, veríase abocada ao concurso e á suspensión de pagos. Non sería novo para o histórico estaleiro vigués, que pasou xa por un concurso en 2012, afogado pola crise, as consecuencias do tax lease e as millonarias débedas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Interpelación:

- 1.) Que está facendo o Goberno galego para abordar a crise de Barreras e asegurar a continuidade do estaleiro vigués?
- 2.) Que valoración fai o Goberno galego da venda de Barreras a Pemex?
- 3.) O Goberno galego concedeu algún tipo de fondos públicos a PEMEX para as súas inversións no noso país?
- 4.) De telos concedido, levouse a cabo algún tipo de control sobre os mesmos?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:02:17
Nº Rexistro: 57169
Data envío: 08/10/2019 17:02:17.792

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 08/10/2019 16:53:59

CSV: BOPGDSPGm807H3Kf29
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

No 2018, a Enquisa estrutural a fogares, do IGE, introduciu un módulo específico sobre o coñecemento e uso da lingua galega. Os datos deste traballo, malia certos indicadores de estancamento, confirman o retroceso do uso do galego, especialmente entre as xeracións máis mozas, sendo especialmente preocupante o avance do descoñecemento da lingua.

Deste xeito, a enquisa confirma a perda de usos e competencias lingüísticas en galego entre a poboación de 5 a 14 anos.

Comparando os datos desta mesma enquisa nos anos 2003 e 2013, podemos resaltar os seguintes, que dan medida do fracaso da Xunta polo non desenvolvemento do Plan de Normalización Lingüística e o fracaso do ensino como axente normalizador da lingua.

LINGUA GALEGA 5-14 ANOS (IGE)	2003	2013	2018
Falan habitualmente sempre en galego	27,10 %	13,20 %	14,27 %
Falan habitualmente sempre en castelán	34,17 %	47,09 %	44,13 %
Entenden pouco ou nada o galego falado	5,71%	9,22 %	10,21 %
Saben falar pouco ou nada en galego	17,71 %	24 %	22,96 %
Saben escribir pouco ou nada en galego	21,62 %	26,92 %	30,04 %
Non saben ler (pouco ou nada) en galego	11,06 %	15,22 %	18,32 %
Aprenderon a falar en galego (5 a 29 anos)	33,86 %	23,42 %	24,27 %



En canto á lingua na que se fala coas crianzas, “o 44,34 % da poboación de Galicia que ten fillos ou fillas fálalles en galego sempre, o 31,20 % sempre en castelán, o 13,85 % máis castelán que galego e o 9,50% máis galego que castelán. No tocante aos fillos e ás fillas, cabe destacar que arredor do 39 % fala sempre en galego cos seus proxenitores e arredor do 37 % sempre en castelán”.

En lectura e escritura os datos son moi preocupantes, evidenciando a ineficacia da normalización lingüística. A porcentaxe de poboación que habitualmente escribe en galego é só do 16,64%, fronte ao 82,11 % que usa habitualmente o castelán para escribir. Así, como sinala o IGE, “ao comparar os datos segundo a lingua na que falan habitualmente, obsérvase que entre as persoas que sempre falan en galego, o 36,19 % escribe habitualmente na mesma lingua e o 63,81 % faino en castelán” .

Se temos en conta a distribución territorial dos usos lingüísticos, podemos ver un paralelismo evidente entre o proceso de colapso territorial galego e a perda da lingua. Deste xeito, por exemplo, “a porcentaxe de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego é maior nos concellos pequenos que nos grandes. Así, nos concellos con menos de 10.000 habitantes esta porcentaxe ascende ao 45,70 %; pola contra, nos concellos de máis de 50.000 habitantes baixa ao 5,66 %”. Deste xeito, as áreas urbanas máis poboadas son nas que menos se fala habitualmente galego.

A situación de descenso do uso e coñecemento do galego na poboación infantil podemos relacionalo co Decreto 79/2010, chamado “de plurilingüísmo”, e coa escasa presenza do galego no ensino infantil e primario. Segundo o informe da Mesa pola Normalización Lingüística, *A Lingua Galega na Educación Infantil de Galiza, de 2 a 6 anos, curso 2016/2017*, reflíctese que o 76% dos centros de Educación Infantil do medio urbano as clases son maioritariamente ou exclusivamente en castelán, mentres que só o 19% intenta equiparar o uso de ambos idiomas e só un 8,5% usa maioritariamente a lingua galega. Ademais, o 38,7% exclúen o galego totalmente das súas aulas. Se nos quedamos cos datos que admite a Xunta, seguimos nun 10% soamente de escolas que usan o galego de xeito maioritario.



A presenza do galego no ensino está xuridicamente sustentada no Estatuto de Autonomía, na Lei de Normalización Lingüística e en diversa normativa internacional que protexe as linguas minorizadas, pero o Comité de Expertos que avalía o grao de cumprimento da Carta Europea das Linguas rexionais e minoritarias foi moi crítico co retroceso da lingua no ensino, logo do Decretazo do plurilingüísmo; alerta da “redución gradual do ensino en galego en todos os niveis”.

Así pois, o artigo 13 da Lei de Normalización é papel mollado: non se garante para os nenos e nenas galegofalantes (“os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna”).

Un dos ámbitos nos que houbo consenso para a potenciación da lingua no Plan Xeral de Normalización Lingüística foi a escola. Así, o Plan, aprobado en 2004, dispón que se “fomentará o uso progresivo do galego dende a etapa preescolar 0-3 anos”. Así, a realidade actual non é mellor que a descrita neste Plan, que xa advertía de que “en educación infantil e a presenza do galego é mínima”.

Sen embargo, a Real Academia Galega advirte do risco de creba da transmisión interxeracional da lingua; “cada vez hai menos galegos e galegas que herdán a lingua” e na actualidade, a análise da RAG relaciona esta perda da lingua non coa decisión das familias senón coa “escasa presenza do galego na socialización secundaria, nomeadamente no ámbito escolar”.

Distintos estudos sinalan que as crianzas que teñen como lingua familiar a lingua de prestixio na sociedade non teñen problemas coa escolarización predominante en linguas distintas da materna, obtendo beneficios e melloras lingüísticas tanto na lingua escolar como na materna; en cambio as crianzas que teñen como lingua materna a minorizada, se son escolarizadas plena ou maioritariamente na lingua de prestixio poden sufrir consecuencias negativas a nivel de aprendizaxe e afectivo, sobre todo nas etapas nas que aínda non teñen afianzadas as súas competencias lingüísticas. Así pois, o ensino é fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego e a realidade hoxe, como amosa a Enquisa do



IGE referida a 2019, en moitos contornos urbanos as crianzas só tenen opción de contactar co galego a través do ensino.

En 2019, a Xunta presentou o Plan de dinamización da lingua galega na mocidade (2018-2022) - deixando fóra ás persoas menores de 14 anos -, que non concreta medidas nin orzamentos.

O Conselleiro de Cultura afirmou que Administracións deben "garantir o coñecemento" e "fomentar" o uso dunha lingua, pero non "impolo". Tamén sinalou que "hai que gañar falantes dunha maneira positiva. Se estamos continuamente lanzando mensaxes de que o galego perde falantes, que non vale para nada, etcétera, etcétera... estamos a ir na liña contraria".

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte Interpelación:

- Como valora a Xunta o seu fracaso á hora de garantir as competencias lingüísticas en galego na etapa de ensino obrigatorio?
- Vai volver a Xunta ao consenso da Lei e do Plan de Normalización Lingüística?
- Como valora a Xunta o feito de que un 10,21 % de crianzas non entendan o galego falado?
- Como valora a Xunta o feito de que case un 23 % de crianzas non saiban falar, ou saiban falar pouco, en galego?
- Como valora a Xunta o feito de que un 30 % de crianzas non saiban escribir, ou saiban escribir pouco, en galego, logo da etapa de ensino obrigatorio?
- Como valora a Xunta o feito de que un 18,32 % de crianzas non saiban ler, ou saiban ler pouco, en galego, logo da etapa de ensino obrigatorio?



- Ten algunha política para mellorar o uso escrito da lingua galega?
- Como vai garantir o dereito das crianzas galegofalantes a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna?
- Como vai a Xunta fomentar o uso progresivo do galego dende a etapa preescolar 0-3 anos?
- Vai impulsar medidas específicas de impulso da lingua galega en menores de 14 anos?
- Considera a Xunta, á luz dos datos expostos, que coa súa política “garante o coñecemento” e “fomenta o uso da lingua”, como sinalou o Conselleiro de Cultura que deben facer as Administracións?
- Que medidas vai impulsar a Xunta para “gañar falantes de forma positiva”, como sinalou o Conselleiro de Cultura?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/10/2019 18:12:23

Luis Villares Naveira na data 08/10/2019 18:12:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Segundo a Enquisa Estrutural a Fogares do IGE, no ano 2017 a porcentaxe de menores de 16 anos en risco de pobreza e exclusión social aumentou a respecto do ano anterior.

Segundo estes datos, en Galiza, a finais de 2017, había un 21,6% de menores de 16 anos en risco de pobreza, máis que en 2016 (un 1,85% máis). Ademais, este aumento foi lixeiramente máis acusado entre as mulleres, que acadan unha taxa de pobreza do 21,71%.

Así, as familias con menores ou mocidade a cargo teñen un maior nivel de pobreza que as que non están nesta situación: 20,52% fronte a 11,94%, tendo aumentado no primeiro caso.

Pese á fase alcista do ciclo económico que se inicia en 2014, un gran número de persoas e familias continúan en risco de exclusión social, e as máis vulnerables son as crianzas e a mocidade, chegando a exclusión social da infancia até niveis inéditos no período democrático. Segundo o informe da Rede Europea contra a Pobreza do ano 2016, en Galiza, o grupo demográfico correspondente coa mocidade (16-29 anos) acada un 37,8% de taxa de risco de pobreza e exclusión; no caso da infancia, o noso País chega ata o 27,6%, tendo aumentado en 7,3 puntos, o que equivale a unhas 100.000 crianzas en risco de pobreza. Se tomamos en conta a taxa AROPE estaríamos no 28,8% de risco de pobreza infantil.

En 2014, a propia Xunta reconece no Estudo da pobreza infantil en Galiza en 2014 (estudo non publicado na súa totalidade nin actualizado, nin entregado a En Marea, malia ser solicitado) a existencia de 18.000 fogares con menores en situación de carencia material severa.



A taxa xeral de pobreza apenas variou (16,06% en 2016; 15,87% en 2017), porque as persoas de máis de 25 anos reduciron o seu nivel de pobreza, ao contrario que as de menor idade, o que afonda nunha fenda salarial xeracional.

A nivel global, as cifras sinalan que persiste unha bolsa de precariedade que non remite e os datos coñecidos de 2018 manteñen a mesma diagnose.

O factor que máis determina a situación de pobreza na infancia é a carencia ou a precariedade do emprego das persoas proxenitoras. As situacións de monomarentalidade, menores dependentes ou familias numerosas aumentan o risco de exclusión.

No caso da xente moza, ademais, súmase a maior taxa de paro e precariedade laboral. Esta situación incide na baixa taxa de emancipación (o 92,58% das persoas menores de 25 anos viven cos pais; un 47,03% no caso de entre 25 e 34 anos); e aínda un 28% das persoas mozas entre 25 e 34 anos que viven no fogar paterno non teñen ingresos.

Fronte ao aumento dos prezos, polo encarecemento dos bens básicos, como a electricidade, os salarios ou as prestacións sociais non subiron ao mesmo ritmo, co cal se perdeu poder adquisitivo. Deste xeito, aínda un 40% de persoas non chega a fin de mes ou faino con moita dificultade.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Interpelación:

- Cando vai reaccionar a Xunta ante a intolerable existencia de pobreza infantil en Galiza?
- Vai a Xunta publicar e actualizar o estudo sobre pobreza infantil elaborado en 2014?
- Que medidas vai tomar a Xunta para evitar a exclusión educativa das e dos menores en risco de pobreza?



- Que medidas vai impulsar a Xunta para mellorar o emprego e a situación socioeconómica da mocidade?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/10/2019 19:37:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Galicia é, xunto con Asturias, a Comunidade Autónoma. que conta cunha maior presenza relativa de pensionistas entre a súa poboación, pois, segundo o IGE, nun terzo dos fogares galegos os únicos ingresos proceden de prestacións públicas. Unha presenza tal que fai que sexamos un País no que o nivel de benestar e calidade de moitas familias depende dunha pensión pública.

As pensións dignas son un elemento central da protección social e un dereito gañado pola clase traballadora que é obxecto de cobiza polo sector privado. A crise de 2008 e as políticas de “austeridade” impuxeron como directriz adelgazar o gasto público, abrindo campo de expansión do sector privado; gasto público do cal as prestacións sociais son unha parte fundamental.

A importancia das pensións en Galicia é indiscutible: falamos de 678.226 persoas - que chegarán a ser un millón antes de 2050 - o 25,1% da poboación galega, e de máis de 766.086 prestacións (setembro 2019).

Galiza é a segunda Comunidade Autónoma pola cola en importe das pensións, con 843,01 € de media en setembro de 2018, sendo a media da pensión de xubilación de 957,76 €.

Por sexos, a pensión media das mulleres é só de 672,82 € (agosto 2019), fronte a 1.037,62 € dos homes.



Asemade, obsérvase unha gran disparidade entre as provincias interiores (coas pensións máis baixas do Estado) e as atlánticas.

O último Informe da Rede Galega contra a Pobreza, con datos de 2017, resalta que unhas 296.000 persoas en Galiza perciben unha pensión cun importe inferior ao mínimo considerado para non ser pobre (un 39% das pensións). Se se consideraran só as de viudedade, a maioría de mulleres, o 57,3% está baixo o limiar da pobreza. E, asemade, o 11,6% do total teñen un importe inferior ao limiar da pobreza severa.

Con estas pensións de miseria, as e os pensionistas galegos fixeron de colchón económico durante a crise e sostiveron a demanda interna (da que representan un 25%), xa que o 32,12% dos fogares galegos teñen as prestacións sociais como única fonte de ingresos e as persoas pensionistas elevaron un 25% o seu gasto en Galiza nos peores anos da crise para axudar a familiares sen ingresos.

Porque, noutro extremo, Galiza é unha das C.A. con menor e peor emprego. Esta dicotomía leva a que o peso das pensións públicas na renda dispoñible seguramente sexa en Galicia un dos mais elevados do Estado.

Así, as pensións son un asunto de País de primeira orde na economía galega, pois o gasto privado das familias (gasto en consumo final dos fogares) é a maior partida de gasto total e, xa que logo, a maior compoñente da demanda global. Así, dada a decisiva importancia que en Galicia ten a demanda no crecemento económico e na creación de emprego. estes vense, nas circunstancias actuais, condicionados pola evolución das pensións públicas. O presente e o futuro inmediato do crecemento económico, a creación de emprego e o benestar en Galicia moito dependen do sistema público de pensións.

A todas estas persoas pensionistas galegas impuxéronselles recortes brutais, coas reformas das pensións de 2011, que endureceu as condicións de acceso ás pensións, e de 2013, que adiantou a aplicación do factor de sostibilidade a 2019, eliminando a actualización das pensións ao IPC e introducindo o factor de revalorización (opaco e arbitrario), que supuxo



un brutal recorte da pensión inicial en relación co último salario e que suporía a conxelación das pensións, algo que xa se viviu en 2017, cando as pensionistas perderon case 2 puntos de poder adquisitivo.

A revalorización das pensións conforme ao custe da vida é un dereito recoñecido na Constitución e norma na maioría de países europeos; é a única garantía que teñen as persoas maiores de poder soste o seu nivel de ingresos durante toda a vida.

Fronte ás falacias neoliberais, hai que defender a evidencia científica da viabilidade social e económica dos sistemas públicos de pensións e un modelo social que considere o gasto en pensións un elemento central do Estado do Benestar e, por conseguinte, un dereito en si mesmo que non ten por que estar vinculado ao emprego. O “problema” das pensións non é de envellecemento da poboación – o aumento da esperanza de vida é unha conquista social e un avance para a Humanidade – senón de reparto desigual da riqueza.

Dada a relevancia tanto individual como económica e social das persoas pensionistas en Galicia e dada a elevada precariedade dos seus ingresos para unha grande maioría, está fora de toda dúbida que a situación das persoas pensionistas galegas, tanto a nivel individual como social, debe ser obxecto de preferente atención polos poderes públicos.

Polo exposto, a deputada e os deputados que subscriben formulan a seguinte Interpelación:

- Coñece a Xunta de Galicia a situación real do conxunto de pensionistas de Galicia?
“O obxecto deste convenio é regular as condicións de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a SAMI Catedral de Santiago para a elaboración dunha obra compilatoria que axude a unha comprensión integral da Domus Iacobi: explique a complexidade e excelencia do proceso construtivo do conxunto catedralicio, das circunstancias e evolución da súa materialidade física ao longo dos séculos, e da relación material e inmaterial entre o templo, cidade e o Camiño de Santiago, completada cun rigoroso diálogo interdisciplinar entre historiadores, historiadores da arte, arqueólogos, arquitectos e restauradores, e enriquecida cunha reflexión compartida con outras disciplinas humanísticas e teolóxicas”

Convenio, que implicou que a Axencia de Turismo financiara o custo íntegro da obra, 210.000 euros, que comparados coa contía anual da Consellería de Cultura dirixido á dotar ás bibliotecas, arquivos e museos de novidades editoriais en galego, de só 200.000 euros, avergoña a calquera.

Segundo o propio convenio, nestas datas deberían estar finalizados as dúas primeiras fases da elaboración do primeiro tomo, os estudos dos participantes e



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

varios seminarios que se prevían para xaneiro-abril de 2019, así como a primeira fase do segundo.

Polo anterior, a deputada asinante presenta a seguinte Interpelación:

1.^a) Por que a Consellería de Cultura e Turismo aceptou sufragar unha obra de tal contía económica?

2.^a) Quen son os expertos e expertas que participan na obra e baixo que criterios foron escollidos?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 17:18:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Julia Torregosa Sañudo deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa ao catering dos IES FERRO COUSELO (de Ourense), JULIO PRIETO NESPEREIRA (de Ourense) E SAN MAMEDE (de Maceda).

Dende O Grupo Común da Esquerda entendemos que o servizo de comedor é un servizo educativo fundamental, toda vez que é o espazo natural de adquisición de hábitos de vida saudables, así como un espazo de socialización importante. Neste eido, o comedor escolar debe ser un servizo público e gratuíto para todo o alumnado, posto que combina tres dereitos fundamentais: o dereito ao ensino, o dereito á alimentación e o dereito á saúde. Ademais, é un servizo que facilita a conciliación familiar. Por todo iso, as institucións teñen a obriga de garantir a máxima calidade deste servizo.

O modelo privatizador do Partido Popular con respecto aos comedores escolares, alentado polo Decreto 132/2013 de 1 de agosto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (hoxe Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional), afecta especialmente aos nenos e nenas que lonxe de recibir unha alimentación saudable padecen os efectos da externalización: exceso de precociñados e fritos de nulo valor nutricional, comida fría, ás veces semiconxelada, plásticos de orixe descoñecida nas comidas, expresións dalgún alumno do Instituto de Entrimo que din que “os porcos comen



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

mellor que eles”, son algúns dos moitos exemplos de graves deficiencias que se repiten diariamente á hora da comida nas escolas dos nenos e nenas de Galicia que viron como se despedían ás persoas ocupadas na cociña para dar negocio a empresas privadas de catering. Exemplos que padecen máis de 2800 alumnas e alumnos galegos que reciben cada día comida de servizos de catering.

Os pais e nais dos IES FERRO COUSELO (de Ourense), JULIO PRIETO NESPEREIRA (de Ourense) E SAN MAMEDE (de Maceda), non son un caso illado. Eles detectan unha serie de irregularidades que poñen en dúbida a calidade dos menús escolares. No Ferro Couselo e o San Mamede, sérvenlles a comida en recipientes de plástico que rompe con facilidade

Aínda que o curso xa comezou cren que non debera renovarse o contrato coa empresa adxudicataria Sala Gradín por entender que vulnera criterios de calidade. Os pais e nais quéixanse de que os nenos e nenas non comen nin se alimentan.

A empresa adxudicataria debe proporcionar aos centros o material necesario para quentar, rexenerar ou refrigerar os pratos se é necesario:

A empresa que concurra, deberá presentar na súa solicitude unha declaración responsable conforme, no caso de ser a adxudicataria, se compromete a poñer a disposición do centro todos os materiais requiridos para o idóneo servizo de quecemento, rexeneración ou refrixeración de menús.

Parece ser que o grande negocio do catering a empresas privadas ten consecuencias que aínda nin podemos medir. Consecuencias, tamén, de abandonar a concepción educativa que, ao noso entender, debera ter o servizo de comidas nas escolas.

Dende o Grupo Común da Esquerda, defendemos a gratuidade total do ensino



público, que para que sexa real debe incluír, tamén, a gratuidade dos mal chamados servizos complementarios. Defendemos un modelo de comedor escolar 100% público, con persoal contratado pola Consellería, elaboración dos menús da man de profesionais da mesma Consellería e que conte en cada centro educativo cunha persoa responsable do servizo. Un modelo de comedores que, ademais, teña en conta o seu potencial como fonte de riqueza dinamizando o comercio local, toda vez que debера centrarse en alimentos frescos e saudables, que aposten polo comercio de proximidade, tanto por cuestións de saúde como de educación alimentaria.

Polo exposto, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Interpelación:

1. Que criterios avaliábeis empregaron para a adxudicación do catering á empresa Sala Gradín aos IES Julio Prieto Nespereira, Ferro Couselo e San Mamede?
2. Fíxose algunha avaliación ao catering destes IES? Se a resposta é afirmativa: que conclusións houbo?
3. É consciente a Xunta de Galicia da deficiencia nutricional deste servizo de catering escolar?
4. Conta con algún experto/a nutricional que avalíe e autorice os menús escolares?
5. Como é posible que a empresa Sala Gradín se dirixa aos centros para confirmar que van ser os encargados da xestión do comedor escolar antes de que fose adxudicado este servizo?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

6. Con que mecanismo conta a Consellería para detectar os caterings que non cumpren cun menú equilibrado e nutritivo?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Julia Torregrosa Sañudo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2019 17:44:14

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/10/2019 17:44:28

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 17:44:56



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregosa Sañudo, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas do Grupo Parlamentar Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Interpelación.

Son xa varias as iniciativas presentadas polos diferentes grupos da oposición sobre a situación dos xulgados de violencia contra a muller solicitando diferentes cuestións: mais xulgados específicos, mais recursos humanos e mais recursos materiais.

A situación dos xulgados de violencia contra a muller non melloran por mais que se demanda na rúa, desde o movemento feminista, e neste parlamento desde os diferentes grupos da oposición.

Demándanse mais xulgados específicos, so existen na Coruña e Vigo. Tanto os xulgados específicos, como aqueles que xestionan os casos de violencia de xénero no resto de Galicia, precisan un reforzo de medios humanos, non só de xuíces e xuízas, senón do resto de persoal dos propios xulgados e tamén dos seus servizos complementarios como o IMELGA, que trasladou en innumerables ocasións a situación de eventualidade do persoal específico que cambia permanentemente prexudicando a atención e os resultados do seu traballo.

Demándase que todas as dependencias xudiciais onde se atenda violencia de xénero estea preparada para a protección das vítimas, tanto no momento das declaracións, como no resto de dependencias, e seguen sen estar acondicionadas



para tal. é inadmisíbel que aínda non existan biombos nin salas de agarda axeitadas, que cando existen están saturadas, ou, no caso dos biombos, son incompatibles con outras ferramentas como un micrófono.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes, presentan a seguinte Interpelación:

- Trasladou a Xunta de Galicia a demanda ao Goberno central para incrementar os xulgados de violencia contra a muller? Cando? en que termos? Cal foi a resposta?
- Adoptou algunha medida a Xunta de Galicia para a mellora das condicións para a protección das vítimas nas dependencias xudiciais? Cales?
- Adoptou o goberno da Xunta de Galicia algunha medida para mellorar as condicións laborais e formativas do persoal dos xulgados de violencia contra a muller? E para incrementar o persoal? e para o IMELGA?

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Julia Torregosa Sañudo

Eva Solla Fernández

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas do Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 10/10/2019 18:01:57

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/10/2019 18:02:08



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:04:42
Nº Rexistro: 57403
Data envío: 10/10/2019 18:04:42.318

Eva Solla Fernández na data 10/10/2019 18:02:18

Paula Quinteiro Araújo na data 10/10/2019 18:02:32

Marcos Cal Ogando na data 10/10/2019 18:02:42

CSV: BOPGDSPGm807H3KF29
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación na que se atopa a Rede galega de atención temperá.

Entre a última semana de setembro e comezos de outubro 16 crianzas que estaban a ser atendidas na Unidade de Atención Temperá do HULA foron dadas de alta ou viron reducidas o número de sesións en fisioterapia, como denunciaron publicamente, a través de diversas queixas administrativas e en xuntanza co grupo parlamentar do BNG, as propias familias afectadas.

Entre os argumentos para xustificar algunhas das altas, e como puido comprobar o Bloque Nacionalista Galego de primeira man, o informe que se lle entregou ás nais específica que no servizo de fisioterapia existen crianzas menores dun ano que precisan ser incorporadas ao sistema polo que aquelas outras que levan xa tempo deben deixar paso.

Literalmente o informe recolle “tendo en conta que se atopa estabilizado motoricamente desde hai máis dun ano e que temos varios casos urxentes no servizo de nenos menores dun ano que deben iniciar fisioterapia sen máis demora para non prexudicar a súa evolución, decidimos na xuntanza de equipo, que non podemos manter as sesións de fisioterapia en nenos cuxa evolución clínica non amosa mudanzas malia o tratamento, cando menos até que non se contrate outro fisioterapeuta, polo tanto é alta de fisioterapia polo momento”.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que está a acontecer no servizo de fisioterapia da Unidade de Atención Temperá do HULA pon de manifesto dúas cuestións que para o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego son absolutamente inadmisíbeis:

1- Que o servizo non conta co persoal suficiente para atender as necesidades das nenas e nenos de atención temperá.

2- Que a falta de persoal está a provocar listaxes de agarda así como demoras e recortes nos tratamentos e mesmo a expulsar pacientes do servizo negándolles, de facto, un dereito que a lexislación garante desde o nacemento até os 6 anos.

O servizo de fisioterapia da unidade de atención temperá do HULA é o único co que actualmente contan as familias das comarcas de Lugo, Sarria e Lemos toda vez que, malia se ter comprometido, o SERGAS non ten dotado dos recursos materiais necesarios o Hospital de Monforte para iniciar as sesións de fisioterapia no sur da provincia.

Así mesmo, a unidade apenas conta cunha neuropediatra pois a segunda praza non foi substituída cando a persoa titular colleu unha baixa. Este feito provoca que algunhas das crianzas, de catro anos, leven até dous anos sen consulta desta especialista e outras agardan por probas diagnósticas para poder ser dadas de alta na unidade.

Como xa ten denunciado o BNG no Parlamento, a escaseza de medios materiais e humanos na rede galega de atención temperá está a prexudicar a nenas e nenos con graves trastornos no desenvolvemento, altamente dependentes, que teñen dereito –e queremos subliñar moito isto-- teñen dereito a unha atención temperá integral, pública e de calidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A limitación de recursos públicos está a obrigar as familias a ter que paliar esa carencia a través de sesións privadas, co elevadísimo custe que iso supón para moitas delas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a situación na que se atopa a Rede galega de atención temperá?
- E a situación concreta da provincia de Lugo, especialmente na unidade do HULA?
- Cantas crianzas están en lista de agarda no servizo de fisioterapia da unidade do HULA?
- Cre a Xunta de Galiza que se están a respectar e garantir os dereitos sanitarios das crianzas que están a ser dadas de alta ou ven reducidas as súas sesións pola falta de persoal?
- Vai adoptar algunha medida ao respecto o Goberno galego?
- De ser así, cando?
- E en relación á praza de neuropediatría?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2019 18:13:31

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2019 18:13:38

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2019 18:13:43

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2019 18:13:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2019 18:13:58

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2019 18:14:06



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No Consello da Xunta de Galicia do día 16 de xaneiro do ano 2014, anunciouse a adxudicación das obras de ampliación do Hospital de Ourense, indicando que a data de inicio das mesmas sería no primeiro trimestre dese mesmo ano, e a data de finalización a mediados do ano 2016, é dicir 26 meses de prazo de execución. As instalacións da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU) puxéronse finalmente en marcha unha vez rematadas as obras en outubro de 2017 (cun retraso dun ano e seis meses a respecto da data prevista), e de que o Concello de Ourense concedese a licenza de ocupación e apertura do novo edificio de hospitalización.

Dende a súa posta en marcha, o persoal do CHUOU ten denunciado en reiteradas ocasións deficiencias desta nova infraestrutura. Ademais, os edificios antigos do complexo acumulan dende hai anos graves deficiencias pola falla de investimentos nos traballos de mantemento e de remodelación das instalacións, que nalgún caso puxeron en risco a seguridade dos traballadores e traballadoras, como ocorreu en xuño de 2017 co derrubamento de dous falsos teitos en distintas dependencias do Hospital Santa María Nai. Así como denuncias do persoal do CHUOU pola presenza de pingueiras en diferentes espazos do edificio.

No Debate do Estado de Autonomía celebrado o pasado 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia na súa primeira intervención asegurou: *“completaremos a renovación do Complexo Hospitalario de Ourense, para o que xa está licitado o proxecto da fase I que incluírá un novo edificio de hospitalización, e a reforma do materno-infantil”*.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia comezar as obras de reforma do materno-infantil do CHUOU?
2. Que orzamento está previsto destinar no ano 2020 para esta reforma?
3. En que vai consistir a reforma?
4. En que data está previsto que rematen estas obras?



5. Cando ten previsto a Xunta de Galicia comezar as obras do novo edificio de hospitalización do CHUOU?
6. Que características técnicas terá este proxecto?
7. Que orzamento está previsto dedicar no ano 2020 para este novo edificio?

Pazo do Parlamento, 03 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 03/10/2019 11:56:43

Julio Torrado Quintela na data 03/10/2019 11:56:53



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, **solicita**, atendendo ao acordo da Mesa do Parlamento do 07 de outubro de 2019 (doc. núm. de rexistro de saída 17372), a seguinte **reformulación** da pregunta para a súa resposta oral en Pleno con número de rexistro **56900**, para que sexa admitida a trámite:

A pregunta quedaría reformulada da seguinte forma:

“Cando ten previsto a Xunta de Galicia comezar as obras de reforma do materno – infantil do CHUOU?”

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/10/2019 16:52:18

Julio Torrado Quintela na data 14/10/2019 16:52:30



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Nestes días coñecemos un artigo de Eduardo Costas, Catedrático da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid, quen, dende o ano 2011, estuda as augas do encoro de As Conchas, en Ourense. No dito artigo, explica que contaminar é máis barato que non facelo (posto que así os produtos non se gravan cos custos de impedir a contaminación) e que, especificamente, o aforro dos custos das actividades que producen contaminación difusa das augas continentais resulta especialmente tentador.

Un dos principais problemas de contaminación das augas continentais é a eutrofización ou aumento na cantidade de nitróxeno e fósforo da auga. Ocorre que nas augas máis eutrofizadas, só unha especie de cianobacteria aporta a maior parte da biomasa: son os “blooms” ou floracións masivas de cianobacterias malas, de tal densidade que a luz non penetra máis que uns poucos centímetros e só hai osíxeno na superficie; por baixo, todo morre. Moitas veces, as especies de cianobacterias que medran nestas augas eutrofizadas producen potentes toxinas, como as microcistinas, que poden provocar danos hepáticos agudos. As microcistinas chegan aos seres humanos de varias formas moi sinxelas: por beber auga, por se bañar, por comer peixe da zona ou ata por respirar, pois cando o vento sopra sobre o encoro, prodúcese un micro-esprai cargado de microcistinas.

Iso é o que leva ocorrendo no encoro das Conchas, no río Limia en Ourense. Contén unha das masas de auga máis eutrofizadas de España. Dende o ano 2011, comezouse a estudar a zona do encoro, concluindo o estudo do profesor Eduardo Costas (e con el coincide a Sociedade Galega de Historia Natural) que a eutrofización das augas do río na zona do encoro se debe, maioritariamente, a vertidos e arrastres por auga de escorrentía de puríns gandeiros e de graxas avícolas e, en menor medida, de mala depuración de residuos urbanos.

Dende hai case unha década non só se está a producir un problema de contaminación masiva ao medio ambiente, senón que, nas zonas onde abundan as microcistinas, a incidencia de cancro de fígado e dixestivos é significativamente maior. Chegou xa o momento de facer compatible a actividade económica (neste



caso gandeira) coa protección ambiental e, sobre todo, coa da saúde das persoas. O Goberno galego leva mirando cara a outro lado dende hai anos e o Goberno de Mariano Rajoy fixo o mesmo. Agora, o Ministerio de Transición Ecolóxica ten posto a exposición pública o documento de declaración como augas afectadas as do encoro das Conchas e xa houbo alegacións. A protección do medio e a saúde das persoas da comarca está en xogo e necesitamos orzamento autonómico para rematar con esta contaminación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten feito o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2011 para rematar co problema de existencia de cianobacterias nas augas eutrofizadas do encoro de As Conchas, no río Limia en Ourense, que están a provocar microcistinas?

Pazo do Parlamento, 04 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2019 10:36:53

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/10/2019 10:37:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/10/2019 10:37:14

María Luisa Pierres López na data 04/10/2019 10:37:23



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Laura, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O servizo público da xustiza é básico para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Mais por desgraza, a Administración de xustiza en Galicia, co Goberno do Partido Popular, sinalou a falla de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa Comunidade ten no eido dunha institución tan esencial.

O artigo 439 da Lei orgánica do poder xudicial establecera a creación das unidades administrativas que, sen estar integradas na oficina xudicial pero como primeiras medidas para a posta en marcha daquela, se encargarían da xefatura, ordenación e xestión dos recursos humanos e sobre os medios informáticos e as novas tecnoloxías. É a Xunta de Galicia a que ten competencias para o deseño, creación e organización destas unidades administrativas e así o asumiu a través do Decreto 148/2010, de 2 de setembro, precisamente creando sete con carácter de urxencia nas principais cidades do país e como un anticipo do profundo proceso modernizador que o goberno galego, dicía, ía comezar. Estas unidades administrativas, dependendo organicamente da Dirección Xeral de Xustiza, desenvolveranse progresivamente, en función de que as posibilidades orzamentarias o permitan, e entrarán en funcionamento de forma gradual.

Máis de 9 anos despois, non hai nin unha soa. Se xa existisen, non tería ocorrido o que sucedeu en Santiago de Compostela o día 30 de setembro, cando estaba prevista a posta en marcha do Xulgado do Social nº 4. Traballadoras e traballadores chegaron ese día aos seus postos e atopáronse con que só había mobiliario; nin liña de teléfono, nin material de oficina (a propia AMTEGA tivo que admitir documentos sen selo porque a Dirección Xeral de Xustiza non os subministrou). Ata tal punto foi surrealista a situación que se orixinou que, para se comunicar co Xulgado, a Xefatura Provincial da Coruña viuse obrigada a chamar aos móbiles dos funcionarios porque non había outro xeito de darlles as indicacións necesarias para que tomasen posesión.

Tampouco tería ocorrido o que sucedeu cos xurados da Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra no coñecido como “crime da rozadora”. Tiveran que



estar dous días enteiros deliberando incomunicados para chegar a un veredicto sen botellas de auga nas horas que duraron as sesións de deliberación, nin comida “decente”, nin cea nin habitacións dispoñibles.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está a incumprir o Goberno da Xunta de Galicia o seu propio Decreto 148/2010, do 2 de setembro, firmado polo Presidente e o Vicepresidente do Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 03 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2019 10:42:53

María Teresa Porritt Lueiro na data 04/10/2019 10:43:02

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/10/2019 10:43:09



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia ten aprobado, por unanimidade e xa por dúas veces, a prohibición do uso da cortadera -tamén chamada herba da pampa- e o deseño “inmediato” dun plan de erradicación e control da mesma en toda Galicia.

Chegou a España como planta de xardín na década dos anos 80 e foise expandindo por toda Galicia. Esta especie exótica procedente da Arxentina é invasora, expándese con facilidade e, cando prende as súas raíces, estas incrústanse na terra de maneira moi profunda. Supón tamén unha grave ameaza para a conservación da biodiversidade. Os científicos advirten de que, canto máis tarde se actúe, maior será o custo para a súa eliminación, xa que a dinámica de crecemento desta especie é moi rápida e cortar os plumeiros que ten a planta é só un parche porque volven saír. Medio país anda en guerra cos plumachos, en lugares urbanos, beiras das estradas, desmontes, cultivos abandonados, terreos removidos, espazos forestais periurbanos, zonas de bosques ou plantacións abertas.

E tamén nos polígonos industriais. A comezos do século XXI, milleiros de metros cadrados convertéronse en áreas industriais que hoxe están baleiras e só teñen asfalto e rotondas sen saída. Nun estudo que acaba de publicar a Revista Flora, os investigadores da UDC, Jaime Fagúndez e Daniel Pardo, consideran que estas áreas quedaron sen cuberta vexetal e cun solo pobre en nutrientes, por iso se expandiu nelas a cortadera, e conclúen:

1. Xa está presente en 59 polígonos industriais do país, máis da metade, e a tendencia no curto prazo é a continuar a expansión.
2. A maior presenza da cortadera atópase nas áreas industriais de Ferrol, Coruña e Vigo e, en menor medida, na área de Santiago de Compostela, Barbanza, Pontevedra, norte de Lugo e preto de Ourense.
3. A especie emprega as marxes das estradas para expandir a súa área de ocupación e os polígonos serven como fonte de propágulos.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten o plan de erradicación e control da cortadera un apartado específico respecto da situación dos polígonos industriais de Galicia, onde está presente cada vez máis a herba da pampa?

Pazo do Parlamento, 04 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2019 10:46:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/10/2019 10:46:18

María Luisa Pierres López na data 04/10/2019 10:46:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Nas últimas semanas véñense producindo cortes de subministración eléctrica na cidade de Pontevedra. A compañía Naturgy informou, a través de Unión Fenosa Distribución, de varios cortes entre xullo e comezos de outubro, mais hai constancia de que se produciron máis dos que non informou a empresa.

- O luns 8 de xullo produciuse un corte que afectou a máis de 2.500 clientes do centro da cidade.

- Na mañá do sábado 13 de xullo un novo corte afectou a 1.950 aboados do centro da cidade. Na tarde deste mesmo día produciuse un corte na parroquia de Campañó.

- O 27 de agosto 1.432 clientes de Naturgy sufriron dúas incidencias na rede de subministración eléctrica; este corte afectou sobre todo ao Centro Histórico e tivo especial incidencia na actividade hostaleira e no mercado de abastos. O segundo corte afectou á zona de Campolongo.

- O 1 de setembro produciuse un novo corte que afectou a grande parte da cidade: zona de San Antoniño, Benito Corbal, Rosalía de Catro, Pelamios e zona da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

praza de Galiza, afectando a máis de 1.500 vivendas e negocios. Segundo a empresa, o corte produciuse pola avaría nun transformador que subministra a corrente a esta zona da cidade.

- O xoves 12 de setembro produciuse un novo corte de electricidade, que desta vez afectou á 1.115 clientes de parte de Mollavao, Campolongo, e centro da cidade con especial incidencia na actividade do comercio local.

- O domingo 15 de setembro produciuse unha nova incidencia, que ademais coincidiu co horario da final do campionato do mundo de baloncesto.

- Unha nova avaría produciuse o xoves 3 de outubro, que afectou de novo a 1.300 clientes do centro urbano.

- O domingo 6 de outubro produciuse un novo corte de subministración, que desta volta afectou ás parroquias de Mourente, Marcón e Tomeza.

Debido a esta grave situación, o goberno municipal de Pontevedra enviou senllos escritos á empresa Naturgy e á consellaría de Industria, solicitando unha revisión das instalacións e dos equipamentos para garantir que se encontran en bo estado. Tanto representantes do concello como da Xunta de Galiza reuníronse con responsábeis da empresa para pedir explicacións e medidas para evitar esta situación que prexudica gravemente a vida cotiá das persoas e a actividade económica.

Diante das queixas e da indignación das persoas afectadas por estes continuos cortes do subministro de enerxía eléctrica, a empresa fixo público un comunicado que máis ben semella unha burla xa que di literalmente que “os plans de mantemento e os investimentos realizados nos últimos anos no concello de Pontevedra supuxeron unha mellora substancial da calidade de subministración eléctrica, situando actualmente á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cidade entre as primeiras de España segundo a medición oficial que ten en conta o número de interrupcións, os clientes afectados e a duración dos mesmos" (sic).

Cómpre ter en conta as graves consecuencias destes fallos na subministración eléctrica: afectan negativamente á actividade económica sobre todo do comercio e da hostalería do centro da cidade, causan molestias polo bloqueo de ascensores e portas de garaxes, obrigan á intervención dos servizos de seguridade e emerxencias debido a situacións de risco, e dificultan as tarefas do día a día que dependen do funcionamento de aparellos eléctricos.

Esta situación prodúcese ademais nun contexto de suba do recibo da luz, que fai que en Galiza paguemos a electricidade máis cara do Estado.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza esixir á empresa Naturgy que realice un plan de investimentos para a mellora das instalacións e do subministro de enerxía eléctrica na cidade de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/10/2019 11:09:09

María Montserrat Prado Cores na data 07/10/2019 11:09:14

Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2019 11:09:20

Olalla Rodil Fernández na data 07/10/2019 11:09:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/10/2019 11:09:37

Ana Pontón Mondelo na data 07/10/2019 11:09:45



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O día 2 de outubro publicábase no DOG a RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se modifica a Resolución do 15 de maio de 2019, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2019/20

Pero antes, o día 30 de setembro coñeciamos a través da prensa escrita que en máis de 30 concellos: poderase cazar todos os días ata marzo.

Segundo a directora xeral de Patrimonio Natural, na nova tempada de caza, a novidade máis importante é a declaración de zonas de emerxencia cinexética temporal nas comarcas de Betanzos - Eume, Terra Chá, Viana e Deza, por concentrar a maioría dos avisos por danos.

Nos terreos cinexéticos dos 33 concellos que forman estas comarcas durante a tempada de caza non hai límite de exemplares e a caza esta permitida todos os días da semana, con comunicación previa ás xefaturas territoriais.

O xabaril, no tema de tráfico, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, ata o 5 de setembro producíronse 1.805 accidentes de tráfico relacionados con este animal, máis de sete ao día.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Tendo en conta as críticas dos diferentes colectivos, contou o Goberno galego coa opinión dos distintos axentes sectoriais para tomar esa decisión?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:





Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/10/2019 12:04:55

Oscar Vilar Chento na data 07/10/2019 12:05:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Milleiros de galegas e galegos seguen a sufrir problemas para desfrutar do dereito a unha vivenda digna.

Si durante anos os desafiuzamentos e os obstáculos para a adquisición de vivenda se localizaban no mercado hipotecario, hoxe céntranse no mercados de aluguer.

A imposibilidade de acceder a unha hipoteca polo endurecemento das condicións e pola precariedade e inestabilidade laboral, fixo que nos últimos anos se incrementase espectacularmente a porcentaxe de aluguer no acceso á vivenda.

Isto, unido á falla de políticas que sexan capaces de regular o mercado, fai que os prezos suban constantemente, suba que non é acompañada cun incremento proporcional dos ingresos da poboación.

Así incrementáanse os desafiuzamentos, as dificultades de emancipación da mocidade ou os ingresos que moitas familias adican ao pago do aluguer.

Mentres o Goberno galego abandona as políticas públicas de vivenda colocando a Galiza no furgón de cola na construción de vivenda protexida, sen apostar pola creación dun parque público de aluguer potente.

Ademais os instrumentos postos en marcha pola Xunta de Galicia non funcionan. Exemplo disto é o Programa de Vivendas Baleiras de Galicia, que é un estrepitoso fracaso que só foi capaz de ofrecer en 3 anos 20 vivendas para as persoas que a precisaban.

Mentres todo isto pasa, no Rexistro galego de demandantes de vivenda pública



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

existen 14.000 demandantes, dos cales preto de 10.000 demandan unha vivenda de protección en aluguer.

O ritmo de construción ou cualificación de vivenda protexida fai imposible darlle resposta a esta demanda.

Por todo o exposto, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas ten pensado tomar o Goberno galego para dar resposta aos 14.000 solicitantes de vivenda inscritos no Rexistro de demandantes de vivenda pública?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/10/2019 17:02:04

Marcos Cal Ogando na data 07/10/2019 17:02:16



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Como consecuencia da vaga de lumes que tiveron lugar durante o ano 2017 no noso país, e os innumerables danos materiais e lamentablemente persoais que provocaron, a Xunta de Galicia con competencias en materia forestal, modificou a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Como resultado desta modificación, a Xunta de Galicia obriga ás administracións locais (administracións sen ningún tipo de competencia sancionadora na materia) a realizar as comunicacións aos propietarios dos montes para informarlles da súa obriga de xestionar a biomasa das redes secundarias (redes que teñen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación).

Por exemplo, no caso de Narón, ademais dos expedientes que xa lle viñan tramitando e conscientes de que resultaba inviable operativamente a inspección no prazo dado pola Xunta das 4.000 parcelas que constitúen as redes secundarias, optouse por notificar por correo certificado e comunicar aos 2.500 propietarios destas parcelas as súas obrigas.

O resultado do esforzo realizado é observable recorrendo o termo municipal e pódese constatar pola redución do número de denuncias con respecto a anos anteriores, xa que foron moitos os propietarios que decidiron cumprir en prazo coas súas obrigas.

Non obstante, algúns veciños de Narón non obtiveron o resultado desexado e seguen esperando a que se limpen as parcelas e se retiren as especies arbóreas prohibidas que ameazan a súa seguridade.

Mediante un escrito do 11 de xullo de 2019 o Concello de Narón recórdalle a Consellería de Medio Rural, que a parcela, propiedade da Xunta de Galicia, número 715 do polígono 3 da concentración parcelaria do Val, Meirás, Lago II, está sen limpar e con eucaliptos ata o mesmo límite do



solo do núcleo rural (cando a distancia establecida na lei aprobada pola Xunta de Galicia é de 50 metros a este tipo de solo).

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Que previsión ten o Goberno galego para cumprir cás obrigas de limpeza e retirada das especies arbóreas prohibidas, na parcela número 715 do polígono 3 da concentración parcelaria do Val, Meirás, Lago II?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/10/2019 18:03:45

Oscar Vilar Chento na data 07/10/2019 18:04:01



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Como consecuencia da vaga de incendios que tiveron lugar durante o ano 2017 no noso país, e os innumerables danos materiais e lamentablemente persoais que provocaron, a Xunta de Galicia con competencias en materia forestal, modificou a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Como resultado desta modificación, a Xunta de Galicia obriga ás administracións locais (administracións sen ningún tipo de competencia sancionadora na materia) a realizar as comunicacións aos propietarios dos montes para informarlles da súa obriga de xestionar a biomasa das redes secundarias (redes que teñen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación).

Por exemplo, no caso de Narón, ademais dos expedientes que xa lle viñan tramitando e conscientes de que resultaba inviable operativamente a inspección no prazo dado pola Xunta das 4.000 parcelas que constitúen as redes secundarias, optouse por notificar por correo certificado e comunicar aos 2.500 propietarios destas parcelas as súas obrigas.

O resultado do esforzo realizado é observable recorrendo o termo municipal e pódese constatar pola redución do número de denuncias con respecto a anos anteriores, xa que foron moitos os propietarios que decidiron cumprir en prazo coas súas obrigas.

Non obstante, algúns veciños de Narón non obtiveron o resultado desexado e seguen esperando a que se limpen as parcelas e se retiren as especies arbóreas prohibidas que ameazan a súa seguridade.

Mediante un escrito do 7 de xuño de 2019 o concello de Narón recórdalle a Consellería de Medio Rural, que a parcela 821 do polígono 3 da concentración parcelaria do Val, Meirás, Lago II, está sen limpar e con eucaliptos ata o límite do solo do núcleo rural. Trátase dunha parcela que vivenda.

Por iso os deputados que asinan preguntan:



Que previsión ten o Goberno galego para cumprir cás obrigas de limpeza e retirada das especies arbóreas prohibidas, na parcela número 821 do polígono 3 da concentración parcelaria do Val, Meirás, Lago II?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/10/2019 18:20:30

Oscar Vilar Chento na data 07/10/2019 18:20:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Organización Mundial da Saúde leva xa advertindo dende o ano 2000 da necesidade de avanzar nunha axeitada distribución das tarefas entre as e os profesionais sanitarios, unha cuestión que non tivo unha aplicación global en España e que actualmente produce un déficit en relación ao recoñecemento e formación de determinadas titulacións como pode ser a das Técnicas e Técnicos en Coidados de Enfermería.

Respecto a este título, no ano 2005 o Instituto Nacional de Cualificaciones, emitiu un informe no que consideraba que debía aumentar un nivel de cualificación, pasando do nivel 2 ao nivel 3, ao considerar que dita formación profesional require da competencia dun conxunto de actividades profesionais que precisan dun dominio de diversas técnicas.

Con todo, a evolución desta titulación atópase estancada tomando de referencia para a súa función unha norma do ano 73 que non foi adaptada á realidade actual e que está a quedar totalmente obsoleta.

Pese á fase alcista do ciclo económico que se inicia en 2014, un gran número de persoas e familias continúan en risco de exclusión social, e as máis vulnerables son as crianzas e a mocidade, chegando a exclusión social da infancia até niveis inéditos no período democrático. Segundo o informe da Rede Europea contra a Pobreza do ano 2016, en Galiza, o grupo demográfico correspondente coa mocidade (16-29 anos) acada un 37,8% de taxa de risco de pobreza e exclusión; no caso da infancia, o noso País chega ata o 27,6%, tendo aumentado en 7,3 puntos, o que equivale a unhas 100.000 crianzas en risco de pobreza. Se tomamos en conta a taxa AROPE estaríamos no 28,8% de risco de pobreza infantil.

En 2014, a propia Xunta reconece no Estudo da pobreza infantil en Galiza en 2014 (estudo non publicado na súa totalidade nin actualizado, nin entregado a En Marea, malia ser solicitado) a existencia de 18.000 fogares con menores en situación de carencia material severa.



A taxa xeral de pobreza apenas variou (16,06% en 2016; 15,87% en 2017), porque as persoas de máis de 25 anos reduciron o seu nivel de pobreza, ao contrario que as de menor idade, o que afonda nunha fenda salarial xeracional.

A nivel global, as cifras sinalan que persiste unha bolsa de precariedade que non remite e os datos coñecidos de 2018 manteñen a mesma diagnose.

O factor que máis determina a situación de pobreza na infancia é a carencia ou a precariedade do emprego das persoas proxenitoras. As situacións de monomarentalidade, menores dependentes ou familias numerosas aumentan o risco de exclusión.

No caso da xente moza, ademais, súmase a maior taxa de paro e precariedade laboral. Esta situación incide na baixa taxa de emancipación (o 92,58% das persoas menores de 25 anos viven cos pais; un 47,03% no caso de entre 25 e 34 anos); e aínda un 28% das persoas mozas entre 25 e 34 anos que viven no fogar paterno non teñen ingresos.

Fronte ao aumento dos prezos, polo encarecemento dos bens básicos, como a electricidade, os salarios ou as prestacións sociais non subiron ao mesmo ritmo, co cal se perdeu poder adquisitivo. Deste xeito, aínda un 40% de persoas non chega a fin de mes ou faino con moita dificultade.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cando vai reaccionar a Xunta ante a intolerable existencia de pobreza infantil en Galiza?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/10/2019 19:37:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A finais de setembro de 2019 distintos medios de comunicación publicaban a nova de que a balsa de Bama, dentro da antiga explotación mineira de Touro-O Pino, estaba practicamente seca.

Esa balsa foi noticia nos invernos anteriores xusto polo contrario: por rebordar e verter as súas augas contaminadas ao DPH a través do río Brandelos, tributario do Ulla.

De feito, para esa balsa presentárase unha solicitude de punto de vertido, no documento “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA ASOCIADA A LA SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AGUAS PLUVIALES PROCEDENTES DE LA Balsa DE BAMA. TOURO Documento Refundido”, (presentado por Explotaciones Gallegas a principios de 2019 dentro do “PROXECTO DE DRENAXE TEMPORAL DA MINA DE TOURO”. EXPEDIENTE: DH.W15.64849).

Neste informe propónse tratar con tecnosolos as augas que escoan dentro da mina cara a balsa de Bama (“balsa 2”), agora “desaparecida”, co obxecto de reducir o pH e a carga de metais e sólidos en suspensión que están chegando a dita balsa e rebordando cara o DPH a través do Brandelos, tributario do Ulla. A empresa informaba tamén que este proceso xa está en marcha. Ao teor do indicado na páxina 20 do documento poderíase verter ata 637.963,12 m³ /ano .

Moitos aspectos da información contida neste documento chaman poderosamente



a atención:

-A balsa de Bama, denominada “balsa 2”, leva vertendo durante anos augas contaminadas pola mina ao DPH, sen ningún tratamento e sen contar co permiso de vertido que viñan a solicitar.

-A empresa reconece a alta carga contaminante das augas de escorrentía interiores á mina, que denominan "augas brutas". Son estas as que escoan cara a dita balsa de Bama (balsa 2) e fan que os aportes por rebordamento desta balsa ao Brandelos non cumpran coas NCA.

Na súa argumentación a favor de tratar con tecnosolos as augas antes da chegada destas á balsa de Bama, Explotaciones Gallegas S.L. afirma que estas “augas brutas” xéranse na mina debido ao alto potencial acidificante de "case a totalidade" (>90%) dos materiais xeolóxicos naturalmente presentes na explotación.

Estas afirmacións cuestionan a catalogación e cubicación que a promotora realizou dos materiais denominados NAG (non xeradores de drenaxe ácida) e PAG (potencialmente xeradores de drenaxe ácida), e que estimou nun 50%-50% como máximo, no proxecto “Actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.”. Este feito vén a confirmar que a práctica totalidade dos entullos xerados pola reapertura da mina xerarían drenaxes ácidas.

Polo tanto, todo o sistema de caracterización e distribución dos estériles previsto pola empresa Cobre San Rafael no seu proxecto sería absolutamente incoherente coas súas propias afirmacións. Trátase dunha grave contradición entre ambos que invalida a argumentación do proxecto mineiro, no cal ese 50% de estériles NAG serían os empregados na construción de diques do depósito de estériles, recheo



de cortas etc, debido a que se esperaba non xerasen augas ácidas nin mobilizasen metais pesados. Esa porcentaxe finalmente non alcanza o 10%.

Na resposta dada pola Consellería de Medio Ambiente á pregunta número 32255 (formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, e cuxa resposta foi publicada no BOPG Número 357 do 17 de setembro de 2018) indicaba:

“De feito, Augas de Galicia ten abertos dous expedientes sancionadores por vertidos. Estes expedientes atópanse na fase final da tramitación. [...] Este traballo continúa, mantendo unha vixilancia periódica da zona, con inspeccións regulares ata verificar a eliminación completa das causas que provocaron os vertidos.”

Ante isto, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Foi detectada esa desaparición durante a vixilancia periódica da zona nalguna das inspeccións regulares que a Consellería afirma facer?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 08/10/2019 19:47:16

Marcos Cal Ogando na data 08/10/2019 19:47:29



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57212
Data envío: 08/10/2019 19:52:54.267



Á Mesa do parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez. María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A mediados do mes de marzo deste ano anunciouse a instalación de 12 novas estacións meteorolóxicas na comunidade autónoma, dentro do programa de modernización e actualización dos dispositivos que se encargan de subministrar información meteorolóxica e da calidade do aire.

O plan prevía a instalación destas novas estacións nos concellos do Valadouro, Riotorto, Cospeito, Mondariz, Porriño, Portomarín, As Neves, Monforte, Laxe, Baiona e Forcarei; mentres que as pantallas de información disporanse nos municipios de Santiago de Compostela (dúas pantallas), A Coruña, Ourense, Pontevedra, Lugo, Ferrol, Monforte, Verín, Ribadeo, Baiona, Lalín, Porto do Son, Ribeira, Sanxenxo, O Grove, Foz, Fisterra, O Cebreiro, Sarria e Melide.

A previsión era iniciar de xeito inmediato as obras necesarias para as instalacións e que os traballos estiveran rematados a finais dese mesmo mes de marzo, de xeito que os datos estivesen dispoñibles en tempo real na páxina *web* de MeteoGalicia e tamén na aplicación móbil de MeteoGalicia; polo menos esa era a información que se deu naquel momento desde o Goberno da Xunta de Galicia.

O certo é que no caso da estación meteorolóxica de Cospeito a día de hoxe hai dúas columnas de formigón en pé e o que parecen ser bases con acometidas de electricidade para o funcionamento da estación; é dicir, medio ano despois dos anuncios oficiais nin estación meteorolóxica, nin datos en tempo real nin ningunha previsión de que se remate esta instalación.

Ademais, esta situación se dá nun entorno privilexiado como é a entrada á lagoa de Cospeito, lugar moi visitado polo seu alto valor medio ambiental.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Cal é o motivo polo que a nova estación meteorolóxica de Cospeito non está rematada?





Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2019 19:08:31

Patricia Otero Rodríguez na data 08/10/2019 19:08:46

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/10/2019 19:08:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 19:09:16

María Luisa Pierres López na data 08/10/2019 19:09:30



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En 1999 detectouse por primeira vez a presenza da couza guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas illas Canarias e en 2015 detectase a súa presenza en tres concellos de Ferrolterra e no 2017 pasaron a ser 31; 14 na comarca de Ferrolterra e 17 na Mariña lucense e por ultimo no mes de marzo do ano 2018 declarábase o concello de Muxía zona infestada.

Na Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas no Real decreto 197/2017 polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora Povolny*.

Esta resolución di no seu punto 2 letra a): Prohíbese o cultivo de patacas desde o día 5 de marzo de 2017 en todos os concellos establecidos como zona infestada durante un período mínimo de dous anos e ata que se declare oficialmente a erradicación da praga.

Na Resolución do 19 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se prorrogan todas as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e impleméntanse as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny*, ou couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Ten previsto a Xunta de Galicia no ano 2020 levantar a prohibición de plantar pataca nalgún dos concellos afectados?





Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2019 19:25:45

Oscar Vilar Chento na data 08/10/2019 19:26:01



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A construción dos novos centros de saúde comprometidos polo Sr. Feijoo dende a súa chegada ao Goberno galego no ano 2009, é un dos mellores exemplos do fracaso, das mentiras, das trampas, da ocultación, e da privatización indiscriminada que caracteriza a xestión sanitaria levada a cabo baixo o seu mandato.

Pola contra, dende o Grupo Socialista sempre consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización, e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais.

Dende que chegou o PP de Feijoo ao Goberno, foi mudando os compromisos ano tras ano, mesmo modificando os nomes dos concellos onde se ían construír os centros nun baile de nomes intolerable, sobre todo para aqueles concellos nos que fixeron o esforzo de poñer a dispor os terreos para cederllos á Xunta de Galicia co propósito de que esta cumprira co compromiso de construír estas novas infraestruturas. Un dos moitos exemplos deste desleixo dos gobernos do PP é o centro de saúde de A Rúa. Nesta vila ourensá, cunha poboación aproximada de 5.000 habitantes e unhas 4.000 cartillas sanitarias, onde se atenden ademais, a pediatría dos concellos de Larouco, Petín, Vilamartín, O Bolo e Viana, urxencias os sábados pola mañá de adultos e nenos e nenas de catro concellos, conta cunha infraestrutura sanitaria antiga e insuficiente xa que carece dos espazos axeitados para a atención sanitaria que se debe prestar.

Tendo en conta esta situación, o anterior Goberno municipal propúxolle á Consellería de Sanidade establecer o centro de saúde no actual centro de día, hoxe infrautilizado, pero a Xunta de Galicia rexeitou esta situación alegando informes técnicos negativos. No ano 2018, o Concello de A Rúa propuxo unha nova situación, sen obter ningunha resposta do Goberno autonómico.

A veciñanza de A Rúa concéntranse dende primeiros de ano, todos os luns ás 12 durante 5 minutos na porta deste centro de saúde, e presentou máis de 1.500 sinaturas, para reclamar unha atención primaria digna, e a construción dun novo



centro de saúde para esta vila do oriente ourensá.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia construír durante a X lexislatura, un novo centro de saúde en A Rúa?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/10/2019 11:45:25

Julio Torrado Quintela na data 09/10/2019 11:45:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde, contrario aos dereitos humanos e que a escala mundial representa un auténtico xenocidio. Historicamente esta violencia ten sido minimizada, ocultada e invisibilizada. Porén, grazas ao feminismo e aos movementos de mulleres no mundo, temos dado pasos de xigante que, aínda que insuficientes, deben recordarnos a nosa capacidade colectiva e transformadora no combate do patriarcado.

Nos últimos anos asistimos a mobilizacións históricas en Galiza que dan cumprida conta da fartura diante dunha situación que é insostíbel. Nos últimos anos as respostas aos feminicidios que impulsa o feminismo galego teñen aumentado en número de convocatorias e en asistencia. Así mesmo, asistimos a dúas folgas históricas no 8 de marzo de 2018 e 2019 que superaron toda expectativa.

Un dos debates que o feminismo ten conseguido colocar na axenda pública é o da violencia sexual. Movementos como o #PrimAcoso ou o #Meetoo así como a resposta a casos como o da Manada marcaron un antes e un despois na conciencia colectiva, e deben marcar un antes e un despois tamén na resposta das administracións públicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delictivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relaciónao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, a Xunta de Galiza non ten feito o esforzo suficiente por desenvolver este marco e por adaptar os recursos a todo tipo de violencia. Así mesmo, cómpre recordar que o Estado español continúa a incumprir o Convenio de Istambul e tamén o propio Pacto de Estado que prometía avanzar nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reduccionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego que a resposta diante da violencia sexual é suficiente diante do seu aumento?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 13:15:31

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2019 13:15:49

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 13:15:56

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 13:16:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 13:16:10

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 13:16:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña e ao fracaso das actuacións levadas a cabo polo goberno galego e, particularmente polo IGAPE.

Durante máis dun ano a empresa Isowat, antiga Isolux Galicia, estivo buscando unha alternativa de futuro despois de ter sido arruinada pola nefasta xestión de Invertaresa.

Trátase dunha empresa innovadora e punteira en Galiza mais durante meses malia a presunta existencia de posíbeis inversores o IGAPE non foi quen de concretar unha alternativa. Tras presións dos e das traballadoras cara a Xunta de Galiza e cara Abanca houbo diversas negociacións. Porén, o mes de outubro comezou sen unha alternativa inversora e coa previsión de peche da empresa nese mesmo mes.

No momento de asinar esta iniciativa existe unha nova oferta de Abanca despois das mediacións do Concello da Coruña e da presión política das últimas semanas. Unha posibilidade que chega en tempo de desconto.

Confiado en que no momento de realizar estas preguntas estea verificada unha solución, aínda así o Bloque Nacionalista Galego entende que cómpre aprender desta experiencia e realizar fortes mudanzas na intermediación da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego a súa xestión respecto Isowat Coruña?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 13:40:45

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2019 13:40:53

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 13:40:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 13:41:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 13:41:18

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 13:41:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a situación do sector naval en Vigo.

O pasado 25 de setembro, no debate sobre o estado da nación, o Sr. Presidente da Xunta de Galicia gabábase de que o sector naval galego “recuperou o liderado” e “ten hoxe a segunda maior carteira de pedidos de toda Europa”.

Esquecía, por suposto, a situación de Vulcano, de Barreras e da súa industria auxiliar. Primeiro foron os 69 despedimentos en Vulcano e o que sería o primeiro peche dun estaleiro en Vigo sen que o Goberno galego buscara inversor algún. Logo os impagos e precurso de Barreras que deixaron xa polo camiño 800 postos de traballo moi especializados e os que podan vir toda vez que a industria auxiliar xa está advertindo da súa incapacidade para recolocar a estas persoas.

Cómpre lembrar que falamos dun sector fundamental na nosa economía e particularmente no noso tecido industrial:

Un sector que xera máis de:

- 10.000 empregos industriais directos
- Outros 25.000 empregos indirectos
- Preto de 2.000 millóns de € anuais de facturación, que supoñen aproximadamente o 3,3% do PIB galego

Un sector de grande importancia estratéxica para Galicia pola súa capacidade



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

tractora sobre outras actividades e servizos industriais, polo seu alto contido tecnolóxico, polo seu grao de internacionalización, o 90% da produción vai destinada a mercados exteriores e, sobre todo, pola súa importancia no emprego. Trátase dunha actividade totalmente integrada na nosa economía, coa práctica totalidade da cadea de valor ubicada en Galicia: servizos especializados, estruturas, sistemas de propulsión, electricidade, electrónica e automatización, equipamento e accesorios, habitación, etc., son algunhas das especialidades produtivas que contan con empresas galegas auxiliares, a inmensa maioría Pemes, e fortemente dependentes da construción naval.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego da situación do sector naval e da industria auxiliar en Vigo?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 09/10/2019 13:47:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A finais de setembro deste mesmo ano o Pleno do Concello de Mos aprobou cos votos favorables do Partido Popular a modificación puntual do seu PXOM para facilitar o proxecto de cidade deportivo-comercial do Celta de Vigo, que supón a recalificación de 864.000 m² de terreo, a metade deles monte comunal e a maioría solo de especial protección forestal con instrumentos de ordenación aprobados.

Xa está en consulta pública por un prazo de 2 meses o documento ambiental estratéxico e o borrador do *Plan especial de infraestruturas e dotacións para instalacións deportivas do Real Club Celta de Vigo*.

Ademais das instalacións deportivas, prevense 142.000 m² de superficie comercial en planta, segundo indicado polos promotores “para garantir a viabilidade económica da área dotacional deportiva”.

Neste procedemento o Concello de Mos recorreu a unha figura urbanística que de aprobarse definitivamente implicará a expropiación dos terreos por parte da administración para a súa entrega ao Celta.

Este proxecto non se xustifica nin dende o punto de vista do interese xeral, nin dende a racionalidade, ou da sustentabilidade.

Só se xustifica dende o punto de vista de favorecer o negocio privado dende as institucións públicas.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O que se pretende é expropiar barato solo rústico, propiedade na súa maioría de comunidades de montes, e superficie forestal con instrumento de ordenación aprobados, para despois construír 142.000 m² de superficie comercial para que unha empresa privada faga un suculento negocio por riba da vontade da comunidade de montes de Tameiga e por riba da preservación dos valores ambientais do monte.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cal é a valoración que fai o Goberno galego de dito proxecto e da modificación puntual aprobada polo Pleno do Concello de Mos?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/10/2019 16:40:57

Marcos Cal Ogando na data 09/10/2019 16:41:15





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A deslocalización de empresas galegas ou situadas en Galiza cara outros países e cara outras comunidades é un fenómeno agudizado durante a década Feijóo ao que o goberno galego non está a responder axeitadamente.

Estímase que na última década instaláronse no norte de Portugal máis de 300 empresas galegas, entre as que podemos citar as seguintes: Roypasa, Pavestone, Doureca-Dourdin, Valver, Marsan Transformaciones, Rodman Lusitania, Ganain Lusitania, Industrias Trimar, Granitos Urbanos, Mecanizados Rodriguez, Megasa, Vanguard Marine, Poligal, Portugal, Pralisa-Marfrío, Galaica-Portuguesa de Granitos, Cupa Pedras-Cupa Stone.

De forma especial, cómpre sinalar os efectos sobre a industria da automoción e as súas auxiliares, nomeadamente proveedoras de PSA. Entre estas empresas podemos citar: Borgwarner, Serilusa, Valver, Safe Bag, Safe Life, Grupo Antonlín, Cablerías Manufacturing, Dalphimetal, Gestamp, CIE Automotive, etc.

Esta situación impacta na nosa economía en múltiples aspectos: peso dos diferentes sectores de traballo, renda, desemprego, etc. Recentemente o Consello Económico e Social publicaba o seu informe anual respecto de 2018 e apuntaba o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguinte: “cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Segundo os datos de Eurostat, mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 71,7% das persoas ocupadas fronte ao 61,4% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case once puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 28,2% e o 17,4%, respectivamente.”

Resulta alarmante que dentro da mesma eurorrexión e compartindo problemas estruturais semellantes haxa indicadores importantes nos que Portugal avanza e Galiza retrocede.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego a mala evolución de Galiza respecto da industria e outros aspectos económicos en comparación con realidades veciñas como a portuguesa?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 17:22:06

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2019 17:22:15

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 17:22:20

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 17:22:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 17:22:45

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 17:22:55



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En Galicia, a Consellería de Sanidade, debería dirixir o Sistema Público de Saúde de Galicia garantindo o dereito a que os cidadáns obtiveramos unha atención satisfactoria, mediante os profesionais e cunha organización eficiente. Aínda que o Presidente da Xunta de Galicia, asegure que en Galicia, nunca houbo tantos medios en materia de saúde como na actualidade, o certo é que o déficit de pediatras e de médicos en urxencias estase a manifestar no Centro de Atención Primaria de Fene e de Maniños como un grave problema (outro máis) da sanidade en Galicia.

Unha das necesidades máis prioritaria no concello de Fene, no que ao estado de benestar se refire, e a asistencia sanitaria, non obstante, a situación actual no noso concello é deficitaria e ademais amosa importantes carencias asistenciais. Desde hai uns meses, e frecuente a ausencia de especialistas en ambos centros. Ausencia de especialistas que provocan desatención na veciñanza de Fene.

A falta destes profesionais, fai que os veciños e veciñas de Fene nos fagan chegar as súas protestas en relación co cadro de persoal adscrito a estes dous centros, xa que é escaso, e cando se producen baixas, vacacións ou xubilacións, os usuarios quedan desamparados e non se cobren as prazas.

Evidenciase, unha clara desidia de funcións por parte da Consellería de Sanidade, a pesar das reiteradas peticións de solucións deste tema por parte dos diferentes grupos políticos. Situacións como a falta de médicos de atención primaria, e de pediatras, así como médicos de urxencias, fan que o servizo sexa deficiente, e que se produzan demoras nas citas para as consultas (entre 3 e 5 días), e provoca unha permanente sobrecarga asistencial nos profesionais que están traballando nunhas condicións pésimas e aínda así fan grandes esforzos para atender os veciños e veciñas de Fene.



Neste sentido, nos tempos nos que estamos, onde a poboación cada vez é máis esixente coa prestación sanitaria que recibe, entende que ademais do esforzo en recursos destinados á Atención Primaria, consideramos fundamental acercar á poboación, determinadas especialidades médicas, que presten asistencia sanitaria especializada no ámbito da atención primaria, pediatría e urxencias no concello de Fene.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que opina o Goberno galego sobre a situación dos centros de atención primaria de Fene e Maniños?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/10/2019 17:42:20

Julio Torrado Quintela na data 09/10/2019 17:42:39

Noela Blanco Rodríguez na data 09/10/2019 17:43:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Competencia (CNMC) confirmou no mes de xullo do presente ano, a multa de 80'6 millóns de euros imposta a dúas asociacións e oito empresas do sector lácteo. Reabrindo así, o expediente que en 2015 sancionou a 11 empresas do sector lácteo, e que a Audiencia Nacional anulara por defectos de forma nun recurso presentado pola multinacional Nestlé.

A multa da CNMC sanciona prácticas que atentan contra os intereses dos gandeiros, como intercambiar información sobre os prezos de compra de leite cru de vaca e excedentes de leite. Todo co obxectivo de adoptar unha estratexia conxunta para controlar o mercado de aprovisionamento de leite. Chegando tamén a acordos concretos para coordinar os prezos de compra do leite e para cesión de gandeiros entre industriais.

Esta información permitiu ás empresas axustar o seu comportamento e evitar ofertar mellores prezos e condicións comerciais aos gandeiros, limitando así a competencia no mercado.

As prácticas que sanciona a CNMC implica a empresas a nivel estatal e autonómico, pero ten unha enorme incidencia en Galicia, onde radican o 60% de produtores de todo o Estado.



Competencia demostra que as industrias pagaron un prezo menor do que lle correspondía aos gandeiros, entorno a 3 céntimos por litro, durante o período 2000-2013. A este respecto as gandeiras galegas poderán reclamar as correspondentes indemnizacións.

Estas prácticas abusivas afectan a un sector estratéxico para o noso país e pon en risco a pervivencia de moitas granxas. Un sector maltratado e que ano tras ano, sitúase no furgón de cola en canto ao prezo do leite, sendo o primeiro produtor do Estado.

Faise necesario actuar con dilixencia para informar e poñer todos os recursos necesarios para que as 7282 explotacións que perviven no país (400 menos que ao inicio de ano), poidan cobrar as compensacións que lles corresponden, así como as máis de 23000 granxas que pecharon dende o ano 2000 e que teñen dereito a cobrar as compensacións.

Polo exposto, preséntase a seguinte Pregunta:

- Que pensa facer a Xunta de Galicia para facilitar que as explotacións gandeiras galegas poidan cobrar as indemnizacións que lle corresponden?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Antón Sánchez García na data 09/10/2019 18:12:41

Marcos Cal Ogando na data 09/10/2019 18:12:55

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral en Pleno, relativa ao uso do software libre nos centros de ensino.

A Xunta de Galicia non tardou nin sequera un ano en desbotar os compromisos que adquirira no seu Plan de acción software libre 2018, como demostra o seu recente acordo de colaboración con Microsoft. No citado documento, Amtega aseguraba que ía manter “a súa aposta polo uso do Software Libre (...) investindo no seu fomento como recurso para mellorar a eficacia acadada na administración” e sinalaba que os seus “eixes principais de actuación” ían ser “a administración pública, o tecido empresarial e a cidadanía”. Porén, o convenio asinado polo Goberno galego e Microsoft para implantar a plataforma “Office 365” nos centros educativos o próximo curso comprometen moi seriamente estas liñas de actuación.

No que atinxe ao fomento do software libre no sistema educativo non universitario, Amtega afirmaba no Plan de acción que continuaría “a reforzar a capacitación do profesorado tanto no uso de ferramentas libres para a docencia como impulsando o seu papel na produción dixital de contidos e materiais curriculares, mediante o uso de ferramentas de software libre, que poderán ser compartidos por toda a comunidade educativa”. Engadía, así mesmo, que “o proxecto Abalar continuará a achegar o software libre ao alumnado dos centros educativos públicos”. Con estes obxectivos sobre a mesas, non se entende con que obxecto o Goberno galego decidiu contratar os servizos de Microsoft para



implantar o seu software privativo nas escolas.

A Administración galega saíu ao paso das críticas afirmando que a estratexia de fomento do software libre non se ía ver afectada polo acordo coa multinacional americana e que o software privativo ía implantarse gratuitamente. Non obstante, tal e como sinala a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (Agasol), o Goberno galego vén de adxudicar 13,5 millóns de euros para a compra de licenzas de código pechado a Microsoft, polo que é sensato supoñer que as súas estratexias e as da Xunta de Galicia están coordinadas para promover o seu mutuo beneficio.

O acordo entre a Xunta de Galicia e Microsoft espertou unha comprensible preocupación no conxunto das empresas galegas do software libre, que entenden que a decisión do executivo aumentará a dependencia tecnolóxica dos futuros profesionais e diminuírá a súa capacidade de adaptación ás ferramentas do mercado. O sector empresarial alertou tamén de que a medida xerará “un efecto contaxio nas empresas TIC galegas”.

A decisión do Goberno galego de reforzar é un erro por varias razóns. O software libre:

- É máis barato, porque aínda que se pague o soporte, non se compra ningunha licencia.
- Supón menos dependencia con respecto ao provedor.
- É máis transparente.
- Permite que os usuarios externos detecten erros e propoñan solucións.
- Fai fronte aos monopolios das empresas de software propietario.



- Evita portas traseiras e vulnerabilidades que poñan en risco os datos dos usuarios da Administración e do conxunto da cidadanía.

É por todo isto que outros gobernos autonómicos xa están apoiando, de maneira decidida, o uso do software libre. É o caso da Junta de Extremadura, da Junta de Andalucía, do Goberno do País Vasco e da Generalitat de Catalunya, entre outras administracións.

Co obxecto de que o Goberno galego reconsidere o seu acordo con Microsoft, as asociacións galegas a prol do software libre lanzaron un manifesto, que foi asinado por Aberteo, AGASOL, a Asociación Informática Amigus, Bricolabs, a Comunidade o Zulo, Ghandalf, GPUL, Nova Escola Galega, Proxecto Trasno, Recuncho Maker e Xeopesca. O manifesto insta á Xunta de Galicia a “desbotar o acordo asinado con Microsoft ao ser prexudicial para a sociedade galega”. Ademais, convida “á Consellería de Educación e á AMTEGA a ter cantas reunións sexan necesarias para afortalar a implantación de tecnoloxías libres”.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Por que o Goberno galego decide apostar por unha multinacional como Microsoft en lugar de fomentar o desenvolvemento da industria do software libre galego?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 16:21:26

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2019 16:21:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, David Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa ao proxecto de base de reparacións navais en Vigo.

A busca dunha solución de futuro para Vulcano, a estas alturas, non pode vir por actuacións particulares neste estaleiro. Tería que vir dunha actuación estratéxica en todo o sector na liña de non perder capacidade produtiva no naval, que non podería ser recuperada se os terreos de Vulcano se dedican a outra actividade.

Polo tanto o primeiro é facer todas as actuacións necesarias polo Concello, a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado para que non se poidan cambiar os usos dos terreos.

Todos os indicadores sinalan que a industria naval ten e terá unhas expectativas moi importantes nos próximos anos. Galicia non pode perder capacidade produtiva, por falta de control e planificación, tamén pola incompetencia de xerencias que contaron co apoio da Xunta de Galicia sen os controis necesarios.

Non ten a Xunta na súa Consellería de Industria ningún departamento que faga seguimento das actividades dos sectores industriais estratéxicos en Galicia?

Non detectaron a tempo a situación en Vulcano ou a oferta temeraria, un 40% por debaixo do custo real, de Barreras no contrato dos cruceiros de Ritz Carlton, e iso que Fincantieri o manifestou varias veces. Pois non, fiábanse mais do seu home



en Barreras co que tantas fotos e abrazos se facía o Presidente Feijóo. Como diría a súa compañeira Esperanza Aguirre isto só é un problema de negligencia “in vigilando”. E agora esta irresponsabilidade pagarana, como sempre, os traballadores dos estaleiros e as empresas auxiliares, as que maioritariamente constrúen os barcos e que se non se lles protexe a industria naval galega podería desaparecer.

Por elo hai que alertar que en todas as actuacións da Xunta de Galicia hai que poñer como prioridade as garantías de emprego e as de cobro das auxiliares, iso é defender a maioría dos traballadores do naval.

Cremos que hai que ter propostas innovadoras, por elo instamos a Xunta de Galicia a poñer en marcha un proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques como demandan as auxiliares, que podería instalarse en Vulcano e Metalships.

É a gran materia pendente do sector naval privado galego e unha das súas maiores frustracións, polo volume de negocio perdido na década longa que leva tentando pór en marcha o proxecto sen éxito. Agora é o momento de volver á carga e impulsar dunha vez por todas a creación dun centro de reparación naval, un colchón necesario para este sufrido sector que permita seguir traballando cando a actividade construtiva afrouxe.

Ante a situación mencionada, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Pleno:

Que posición ten a Xunta de Galicia sobre o proxecto de poñer en marcha e dotar orzamentariamente para o 2020 un proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques que podería instalarse en Vulcano e Metalships?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.



Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Deputados e deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 10/10/2019 16:37:19

Luis Villares Naveira na data 10/10/2019 16:37:30

David Rodríguez Estévez na data 10/10/2019 16:37:39

Paula Vázquez Verao na data 10/10/2019 16:37:48



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia establece no seu artigo 26.c, *sobre as competencias da Administración hidráulica da Comunidade Autónoma a elaboración, aprobación e execución de proxectos de obras de competencia das entidades locais, cando estas lle teñan delegado tal competencia.*

Como a propia entidade Augas de Galicia recoñece, unha das colaboracións máis importantes é o apoio á planificación, execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas de abastecemento, saneamento e depuración, xa que supón unha importante axuda ao desenvolvemento das competencias municipais sobre a prestación dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración por parte dos concellos, que en moitos casos necesitan de cuantiosos investimentos dificilmente abordables polas tesourarías municipais.

Para a realización de todas estas actividades, Augas de Galicia dispón dun departamento de obras que se encarga da redacción de planificación e proxectos hidráulicos e da súa execución.

Desde este grupo parlamentario, tense denunciado que os investimentos levados a cabo por Augas de Galicia teñen un alto grado de opacidade no relativo á súa decisión, podendo mencionarse que en moitas ocasións as obras de abastecemento e saneamento de augas se realizan a través de convenios ou acordos con diversos concellos, sen que se coñeza a que criterios obedece tal elección.

Resulta tamén unha evidencia que non existe unha planificación coñecida para valorar os criterios prioritarios de actuación e que puidese servir de referencia para algún tipo de control, o que en moitas ocasións as actuacións parecen obedecer a meros intereses de oportunidade e conveniencia política.



Pero si todo o anterior non fose suficientemente preocupante, os datos de execución do capítulo VI de Augas de Galicia desde o ano 2016 ata o ano 2018, son extraordinariamente preocupantes xa que amosan un desleixo pola necesaria construción e modernización de todas as infraestruturas hidráulicas da nosa comunidade autónoma.

Estes datos de execución son os seguintes:

Cap. VI	Iniciais	Definitivos	Obrigas	Obrig - Inic.	%
2018	53.885.187	53.700.916	21.450.495	- 32.434.692	- 60,19%
2017	53.397.737	48.935.846	14.349.049	- 39.048.688	- 73,13%
2016	53.397.737	56.604.615	13.114.976	- 40.282.761	- 75,44%
Suma	160.680.661	159.241.377	48.914.520	- 111.766.141	- 69,56%

Dedúcese pois unha xestión nefasta ao respecto, xa que dispoñía para estes anos (2016, 2017 e 2018) dunha partida inicial de 161 millóns de euros para realizar investimentos, dos cales se executaron unicamente obras por importe de 50 millóns de euros, polo que se deixaron de executar investimentos por contía superior aos 111 millóns de euros.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego de que a execución orzamentaria do capítulo VI dos anos 2016, 2017 e 2018 por parte de Augas de Galicia fose do 30,44 %?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/10/2019 16:56:40





María Luisa Pierres López na data 10/10/2019 16:56:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/10/2019 16:57:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á *situación das traballadoras do sector audiovisual e das artes escénicas en Galicia*.

O mércores 8 de outubro o Observatorio da cultural Galega presentou o informe A situación das traballadoras do sector audiovisual e das artes escénicas en Galicia, realizado polo Consello da Cultura Galega coa participación da AAAG, AGA, AGAG e a Mostra Internacional de Teatro Cómico-Festivo de Cangas. Remata así un proceso de dous anos no que se dá resposta á petición do sector para abordar en clave galega a situación do mundo laboral atendendo ás cuestións de xénero.

As citadas asociacións impulsaron o estudo en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade que, xunto a Consellería de Cultura, asinou en novembro de 2017 un convenio de colaboración co Consello da Cultura Galega para levar acabo un estudo que, hoxe, xa é unha realidade. O informe ven poñer en evidencia as desigualdades e discriminación existentes no sector partindo da importancia do sector cultural no emprego, que medrou dun xeito moi importante nos últimos anos chegando a supoñer 3,5% do total do emprego.

Entre as cifras que cómpre salientar, a presenza das mulleres que traballan nas actividades laborais que representan o sector audiovisual e das artes escénicas é minoritaria con relación a dos homes ao chegar ao 42% fronte ao 58%.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

No que se refire á relación de emprego e idades, destaca que a media de idade das persoas profesionais no sector atópase nos 37 anos. Porén, o maior número de persoas afiliadas no sector teñen entre 20 e 40 anos: en concreto o 60%.

Diferencias importantes, tamén, no plano da cotización. “No audiovisual as mulleres traballan máis tempo cando son novas, até 35 anos de idade, mentres que os homes traballan durante máis tempo a partir desa idade”. Ademais, “nas mulleres obsérvase que a partir dos 55 anos teñen máis dificultades de acceso ao traballo.” Mentres nas artes escénicas, as mulleres de 45 a 55 anos teñen máis tempo traballado que os homes, a partir dos 55 anos os homes acumulan unha media de horas superior.

A relación entre ter menos idade e unha maior posibilidade de afiliación é superior nas mulleres que nos homes. O 71,8% das mulleres afiliadas en 2016 tiñan entre 20 e 40 anos, mentres que nos homes esta porcentaxe reducíase ao 53%. Agora ben, obsérvase que a maioría das mulleres afiliadas tiñan 45 anos ou menos (60,4%), mentres que só un 15% superaban os 45 anos. No caso dos homes, os menores de 35 anos ou menos so un 36% do total e un 30% teñen máis de 45 anos.

Especialmente preocupantes, tamén, os datos relacionados coa precariedade laboral. No audiovisual e as artes escénicas, malia coincidir en contratos temporais e altas esporádicas, os homes traballan e períodos máis prolongados, mentres que entre as mulleres é habitual períodos curtos. O informe indica que “no sexo masculino destaca un 21% con máis de dez anos de traballo no sector, fronte a 11% de mulleres” polo que “os homes acumulan máis tempo traballado”. Por outra banda hai que sinalar a fenda salarial, tamén no sector cultural se



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

percibe que os ingresos das mulleres son inferiores, ademais de que as mulleres “non só acceden a un menor número de papeis, senón que estes son máis curtos e estereotipados e tamén de menor categoría”.

Compartimos a visión verquida pola RGT na que se constata que nos atopamos nunha tendencia social que aposta por transitar por un camiño de igualdade que, malia tropezar con constantes atrancos, consideramos xa imparabile.

O sector escénico e audiovisual contan cunha grande responsabilidade, na medida en que o traballo artístico achega á cidadanía unha vía fundamental para a construción de discursos, de imaxinarios colectivos e de sensibilización social. Cómpre, asemade analizar en profundidade a liña do traballo, mais tamén as relacións laborais e de poder que se establecen, como en calquera outro ámbito laboral, no sector.

A reflexión, porén, debe ser tamén interna e externa, xa que o citado informe desvela que se teñen detectado casos de acoso laboral sexual no sector, malia que se percibe un cambio de actitude. É importante que existan ferramentas, protocolos e códigos de boas prácticas tanto na contratación pública como na de empresas acollidas ás axudas á produción e/ou distribución.

Na presentación do informe participaron Rosario Álvarez, presidenta do CCG; a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella; o director xeral de Políticas Culturais, Anxo Lorenzo; Håkan Casares, responsable do observatorio da Cultura Galega; e Dolores Vilavedra, secretaria do CCG. Ademais, estaban presentes o director da Agadic, Jacobo Sutil, así como representantes da AAAG, Eva Fórneas e Laura Miguez; da Academia Galega do Audiovisual, Saamira Ganay e Marisela Lens; de Escena Galega Ruth Balbís, e María Armesto e Casilda Alfaro, da



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Mostra de Cangas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas pensan implementar para igualar a situación laboral das traballadoras?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:08:49
Nº Rexistro: 57382
Data envío: 10/10/2019 17:08:49.515

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2019 17:05:47

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 17:06:03



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno, sobre o convenio asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a elaboración dunha obra compilatoria da Domus Iacobi

Como denunciámos no seu momento, en xuño de 2018 a Axencia de Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago, asinaron un convenio para, segundo o propio convenio

“O obxecto deste convenio é regular as condicións de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a SAMI Catedral de Santiago para a elaboración dunha obra compilatoria que axude a unha comprensión integral da Domus Iacobi: explique a complexidade e excelencia do proceso construtivo do conxunto catedralicio, das circunstancias e evolución da súa materialidade física ao longo dos séculos, e da relación material e inmaterial entre o templo, cidade e o Camiño de Santiago, completada cun rigoroso diálogo interdisciplinar entre historiadores, historiadores da arte, arqueólogos, arquitectos e restauradores, e enriquecida cunha reflexión compartida con outras disciplinas humanísticas e teolóxicas”

Convenio, que implicou que a Axencia de Turismo financiara o custo íntegro da obra, 210.000 euros, que comparados coa contía anual da Consellería de Cultura dirixido á dotar ás bibliotecas, arquivos e museos de novidades editoriais en galego, de só 200.000 euros, avergoña a calquera.

Segundo o propio convenio, nestas datas deberían estar finalizados as dúas primeiras fases da elaboración do primeiro tomo, os estudos dos participantes e



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:23:17
Nº Rexistro: 57389
Data envío: 10/10/2019 17:23:17.489

varios seminarios que se prevían para xaneiro-abril de 2019, así como a primeira fase do segundo.

Polo anterior, a deputada asinante presenta a seguinte Pregunta:

- Por que a Consellería de Cultura e Turismo aceptou sufragar unha obra de tal contía económica?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 17:19:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, David Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa a busca de alternativas ante o peche de Vulcano.

A busca dunha solución de futuro para Vulcano, a estas alturas, non pode vir por actuacións particulares neste estaleiro. Tería que vir dunha actuación estratéxica en todo o sector na liña de non perder capacidade produtiva no naval, que non podería ser recuperada se os terreos de Vulcano se dedican a outra actividade.

Polo tanto o primeiro é facer todas as actuacións necesarias polo Concello, a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado para que non se poidan cambiar os usos dos terreos.

Todos os indicadores sinalan que a industria naval ten e terá unhas expectativas moi importantes nos próximos anos. Galicia non pode perder capacidade produtiva, por falta de control e planificación, tamén pola incompetencia de xerencias que contaron co apoio da Xunta de Galicia sen os controis necesarios.

Non ten a Xunta na súa Consellería de Industria ningún departamento que faga seguimento das actividades dos sectores industriais estratéxicos en Galicia?

Non detectaron a tempo a situación en Vulcano ou a oferta temeraria, un 40% por debaixo do custo real, de Barreras no contrato dos cruceiros de Ritz Carlton, e iso que Fincantieri o manifestou varias veces. Pois non, fiábanse mais do seu home



en Barreras co que tantas fotos e abrazos se facía o Presidente Feijóo. Como diría a súa compañeira Esperanza Aguirre isto só é un problema de negligencia “in vigilando”. E agora esta irresponsabilidade pagarana, como sempre, os traballadores dos estaleiros e as empresas auxiliares, as que maioritariamente constrúen os barcos e que se non se lles protexe a industria naval galega podería desaparecer.

Por elo hai que alertar que en todas as actuacións da Xunta de Galicia hai que poñer como prioridade as garantías de emprego e as de cobro das auxiliares, iso é defender a maioría dos traballadores do naval.

Cremos que hai que ter propostas innovadoras, por elo instamos a Xunta de Galicia a poñer en marcha un proxecto de creación dunha gran base de reparación de buques como demandan as auxiliares, que podería instalarse en Vulcano e Metalships.

É a gran materia pendente do sector naval privado galego e unha das súas maiores frustracións, polo volume de negocio perdido na década longa que leva tentando pór en marcha o proxecto sen éxito. Agora é o momento de volver á carga e impulsar dunha vez por todas a creación dun centro de reparación naval, un colchón necesario para este sufrido sector que permita seguir traballando cando a actividade construtiva afrouxe.

Ante a situación mencionada, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Pleno:

Está a Xunta disposta a facer todas as actuacións necesarias para que non se poidan cambiar os usos dos terreos de Vulcano?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.



Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Deputados e deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 10/10/2019 16:38:07

Luis Villares Naveira na data 10/10/2019 16:38:16

David Rodríguez Estévez na data 10/10/2019 16:38:25

Paula Vázquez Verao na data 10/10/2019 16:38:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Julia Torregosa Sañudo deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, relativa ao catering dos IES FERRO COUSELO (de Ourense), JULIO PRIETO NESPEREIRA (de Ourense) E SAN MAMEDE (de Maceda).

Dende O Grupo Común da Esquerda entendemos que o servizo de comedor é un servizo educativo fundamental, toda vez que é o espazo natural de adquisición de hábitos de vida saudables, así como un espazo de socialización importante. Neste eido, o comedor escolar debe ser un servizo público e gratuíto para todo o alumnado, posto que combina tres dereitos fundamentais: o dereito ao ensino, o dereito á alimentación e o dereito á saúde. Ademais, é un servizo que facilita a conciliación familiar. Por todo iso, as institucións teñen a obriga de garantir a máxima calidade deste servizo.

O modelo privatizador do Partido Popular con respecto aos comedores escolares, alentado polo Decreto 132/2013 de 1 de agosto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (hoxe Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional), afecta especialmente aos nenos e nenas que lonxe de recibir unha alimentación saudable padecen os efectos da externalización: exceso de precociñados e fritos de nulo valor nutricional, comida fría, ás veces semiconxelada, plásticos de orixe descoñecida nas comidas, expresións dalgún alumno do Instituto de Entrimo que din que “os porcos comen



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

mellor que eles”, son algúns dos moitos exemplos de graves deficiencias que se repiten diariamente á hora da comida nas escolas dos nenos e nenas de Galicia que viron como se despedían ás persoas ocupadas na cociña para dar negocio a empresas privadas de catering. Exemplos que padecen máis de 2800 alumnas e alumnos galegos que reciben cada día comida de servizos de catering.

Os pais e nais dos IES FERRO COUSELO (de Ourense), JULIO PRIETO NESPEREIRA (de Ourense) E SAN MAMEDE (de Maceda), non son un caso illado. Eles detectan unha serie de irregularidades que poñen en dúbida a calidade dos menús escolares. No Ferro Couselo e o San Mamede, sérvenlles a comida en recipientes de plástico que rompe con facilidade

Aínda que o curso xa comezou cren que non debiera renovarse o contrato coa empresa adxudicataria Sala Gradín por entender que vulnera criterios de calidade. Os pais e nais queíxanse de que os nenos e nenas non comen nin se alimentan.

A empresa adxudicataria debe proporcionar aos centros o material necesario para quentar, rexenerar ou refrigerar os pratos se é necesario:

A empresa que concursa, deberá presentar na súa solicitude unha declaración responsable conforme, no caso de ser a adxudicataria, se compromete a poñer a disposición do centro todos os materiais requiridos para o idóneo servizo de quecemento, rexeneración ou refrixeración de menús.

Parece ser que o grande negocio do catering a empresas privadas ten consecuencias que aínda nin podemos medir. Consecuencias, tamén, de abandonar a concepción educativa que, ao noso entender, debera ter o servizo de comidas nas escolas.

Dende o Grupo Común da Esquerda, defendemos a gratuidade total do ensino



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

público, que para que sexa real debe incluír, tamén, a gratuidade dos mal chamados servizos complementarios. Defendemos un modelo de comedor escolar 100% público, con persoal contratado pola Consellería, elaboración dos menús da man de profesionais da mesma Consellería e que conte en cada centro educativo cunha persoa responsable do servizo. Un modelo de comedores que, ademais, teña en conta o seu potencial como fonte de riqueza dinamizando o comercio local, toda vez que debера centrarse en alimentos frescos e saudables, que aposten polo comercio de proximidade, tanto por cuestións de saúde como de educación alimentaria.

Polo exposto, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta:

- Que criterios avaliábeis empregaron para a adxudicación do catering á empresa Sala Gradín aos IES Julio Prieto Nespereira, Ferro Couselo e San Mamede?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Julia Torregrosa Sañudo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2019 17:48:45





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/10/2019 17:48:55

Luca Chao Pérez na data 10/10/2019 17:49:07

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo e Eva Solla Fernández, deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Son xa varias as iniciativas presentadas polos diferentes grupos da oposición sobre a situación dos xulgados de violencia contra a muller solicitando diferentes cuestións: mais xulgados específicos, mais recursos humanos e mais recursos materiais.

A situación dos xulgados de violencia contra a muller non melloran por mais que se demanda na rúa, desde o movemento feminista, e neste parlamento desde os diferentes grupos da oposición.

Demándanse mais xulgados específicos, so existen na Coruña e Vigo. Tanto os xulgados específicos, como aqueles que xestionan os casos de violencia de xénero no resto de Galicia, precisan un reforzo de medios humanos, non só de xuíces e xuízas, senón do resto de persoal dos propios xulgados e tamén dos seus servizos complementarios como o IMELGA, que trasladou en innumerables ocasións a situación de eventualidade do persoal específico que cambia permanentemente prexudicando a atención e os resultados do seu traballo.

Demándase que todas as dependencias xudiciais onde se atenda violencia de xénero estea preparada para a protección das vítimas, tanto no momento das declaracións, como no resto de dependencias, e seguen sen estar acondicionadas



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

para tal. é inadmisíbel que aínda non existan biombos nin salas de agarda axeitadas, que cando existen están saturadas, ou, no caso dos biombos, son incompatibles con outras ferramentas como un micrófono.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cando trasladou a Xunta de Galicia a demanda ao Goberno central para incrementar os xulgados de violencia contra a muller?

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Julia Torregosa Sañudo

Eva Solla Fernández

Deputadas do Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 10/10/2019 18:11:33

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/10/2019 18:11:43

Eva Solla Fernández na data 10/10/2019 18:11:53





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a lista de agarda no servizo de fisioterapia da unidade de atención temperá do HULA.

Entre a última semana de setembro e comezos de outubro 16 crianzas que estaban a ser atendidas na Unidade de Atención Temperá do HULA foron dadas de alta ou viron reducidas o número de sesións en fisioterapia, como denunciaron publicamente, a través de diversas queixas administrativas e en xuntanza co grupo parlamentar do BNG, as propias familias afectadas.

Entre os argumentos para xustificar algunhas das altas, e como puido comprobar o Bloque Nacionalista Galego de primeira man, o informe que se lle entregou ás nais especifica que no servizo de fisioterapia existen crianzas menores dun ano que precisan ser incorporadas ao sistema polo que aquelas outras que levan xa tempo deben deixar paso.

Literalmente o informe recolle “tendo en conta que se atopa estabilizado motoricamente desde hai máis dun ano e que temos varios casos urxentes no servizo de nenos menores dun ano que deben iniciar fisioterapia sen máis demora para non prexudicar a súa evolución, decidimos na xuntanza de equipo, que non podemos manter as sesións de fisioterapia en nenos cuxa evolución clínica non amosa mudanzas malia o





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamento, cando menos até que non se contrate outro fisioterapeuta, polo tanto é alta de fisioterapia polo momento”.

O que está a acontecer no servizo de fisioterapia da Unidade de Atención Temperá do HULA pon de manifesto dúas cuestións que para o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego son absolutamente inadmisíbeis:

1- Que o servizo non conta co persoal suficiente para atender as necesidades das nenas e nenos de atención temperá.

2- Que a falta de persoal está a provocar listaxes de agarda así como demoras e recortes nos tratamentos e mesmo a expulsar pacientes do servizo negándolles, de facto, un dereito que a lexislación garante desde o nacemento até os 6 anos.

O servizo de fisioterapia da unidade de atención temperá do HULA é o único co que actualmente contan as familias das comarcas de Lugo, Sarria e Lemos toda vez que, malia se ter comprometido, o SERGAS non ten dotado dos recursos materiais necesarios o Hospital de Monforte para iniciar as sesións de fisioterapia no sur da provincia.

Así mesmo, a unidade apenas conta cunha neuropediatra pois a segunda praza non foi substituída cando a persoa titular colleu unha baixa. Este feito provoca que algunhas das crianzas, de catro anos, leven até dous anos sen consulta desta especialista e outras agardan por probas diagnósticas para poder ser dadas de alta na unidade.

Como xa ten denunciado o BNG no Parlamento, a escaseza de medios materiais e humanos na rede galega de atención temperá está a prexudicar a nenas e nenos con graves trastornos no desenvolvemento, altamente dependentes, que teñen dereito –e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

queremos subliñar moito isto-- teñen dereito a unha atención temperá integral, pública e de calidade.

A limitación de recursos públicos está a obrigar as familias a ter que paliar esa carencia a través de sesións privadas, co elevadísimo custe que iso supón para moitas delas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai dotar do persoal suficiente a Xunta de Galiza a Rede de Atención Temperá de Lugo?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2019 18:09:29

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2019 18:09:36

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2019 18:09:40

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2019 18:09:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2019 18:10:00

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2019 18:10:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas do Grupo Parlamentar Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Son xa varias as iniciativas presentadas polos diferentes grupos da oposición sobre a situación dos xulgados de violencia contra a muller solicitando diferentes cuestións: mais xulgados específicos, mais recursos humanos e mais recursos materiais.

A situación dos xulgados de violencia contra a muller non melloran por mais que se demanda na rúa, desde o movemento feminista, e neste parlamento desde os diferentes grupos da oposición.

Demándanse mais xulgados específicos, so existen na Coruña e Vigo. Tanto os xulgados específicos, como aqueles que xestionan os casos de violencia de xénero no resto de Galicia, precisan un reforzo de medios humanos, non só de xuíces e xuízas, senón do resto de persoal dos propios xulgados e tamén dos seus servizos complementarios como o IMELGA, que trasladou en innumerables ocasións a situación de eventualidade do persoal específico que cambia permanentemente prexudicando a atención e os resultados do seu traballo.

Demándase que todas as dependencias xudiciais onde se atenda violencia de xénero estea preparada para a protección das vítimas, tanto no momento das declaracións, como no resto de dependencias, e seguen sen estar acondicionadas



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:21:19
Nº Rexistro: 57417
Data envío: 10/10/2019 18:21:19.712

para tal. é inadmisíbel que aínda non existan biombos nin salas de agarda axeitadas, que cando existen están saturadas, ou, no caso dos biombos, son incompatibles con outras ferramentas como un micrófono.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas adoptou a Xunta de Galicia para a mellora das condicións para a protección das vítimas nas dependencias xudiciais?

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Julia Torregrosa Sañudo

Eva Solla Fernández

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 10/10/2019 18:18:18

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/10/2019 18:18:27

Eva Solla Fernández na data 10/10/2019 18:18:40



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 18:21:19
Nº Rexistro: 57417
Data envío: 10/10/2019 18:21:19.712

Paula Quinteiro Araújo na data 10/10/2019 18:18:49

Marcos Cal Ogando na data 10/10/2019 18:19:00

CSV: BOPGDSPGm807H3Kf29
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Xan Xosé Jove González, deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, con carácter de urxencia, para a súa **resposta oral no Pleno**.

Xustificación da urxencia.

En outubro de 2016, coa aprobación no pleno municipal da Coruña, o Concello iniciou o proceso para declarar espazo natural de interese local As Illas e San Pedro. Posteriormente, en xuño de 2017, iniciouse igualmente o trámite para dotar desta figura de protección a contorna da Torre de Hércules. O obxectivo destas declaracións é a protección, conservación, restauración e mellora dos seus recursos naturais, así como a difusión dos seus valores, de tal forma que se contribúa a súa preservación para as xeracións futuras.

A pesar disto, cando estamos a escasos días de que remate o prazo para que a Xunta resolva ao respecto da primeira declaración, atopámonos coa posibilidade de que se perda esta figura de conservación, simplemente por silencio administrativo.

Por todo isto o Grupo Común da Esquerda presente a seguinte Pregunta para a súa resposta oral no Pleno con carácter de urxencia:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia retrasa as resolucións destas declaracións?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Xan Xosé Jove González na data 14/10/2019 15:51:03



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola gravidade da situación que está a atravesar o estaleiro de Barreras e a necesidade de coñecer a resposta do Goberno galego diante deste proceso.

A política de publicidade e propaganda do goberno Feijóo desde 2009 ten un dos seus exemplos máis notorios no asunto Pemex. Todos/as os galegos e galegas recordamos a desconexión en “prime time” da televisión pública para que o presidente presentase a empresa mexicana Pemex, como unha especie de “Eldorado” para Galicia. Nun momento, ademais en que as taxas de desemprego eran moi elevadas nas comarcas máis industrializadas do país.

Falou o presidente Feijóo dunha morea de contratos de construción de buques nos estaleiros galegos, tanto os privados en Vigo, como os públicos en Ferrol, ademais do establecemento dunha base loxística de distribución de hidrocarburos de Pemex para Europa no porto de Punta Langosteira. Íanse construír, ademais dous floteis, tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, outro buque-hotel, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e os remolcadores... só se construíron dous floteis.

Noutra precampaña, a empresa anunciou a entrada no capital de Barreras, cun control do 51 % desde 2013. Co anuncio de establecer unha “alianza estratéxica” que a Xunta de Galicia impulsou coa petroleira; foi logo dunha ampliación de capital de 5,1 millóns abonada ao completo por Pemex para salvar a empresa ante a mala situación de Barreras, que lle permitiu aos mexicanos acceder a tecnoloxía naval da empresa galega para iniciarse na construción naval.

Os galegos e galegas vimos que neste escenario de publicidade e propaganda, a realidade lamentablemente acabou por imporse. Aínda que Pemex anunciou a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 no estaleiro de Barreras (Vigo), xa no mes de novembro de 2016, manifestou que non se ía construír ese novo buque e que paralizaba a futura, e non comezada, base loxística de Punta Langosteira (A Coruña). Os dous floteis construídos foron o único resultado da xigantesca operación de propaganda.



Agora, en 2019, Pemex anunciou que deixa Barreras e abandona Galicia tras sete anos de presenza e só os dous floteis construídos. A petroleira estatal mexicana considera o estaleiro vigués un activo non estratéxico e intenta diminuír a súa elevadísima débeda, e todo parece indicar que México se quere retirar de maneira precipitada do capital de Barreras por orde do novo Goberno de López Obrador.

As últimas novas apuntan a que a Xunta de Galicia valora agora intervir no rescate de Barreras, media década despois de dalo por salvado grazas a Pemex e cando o presidente Feijóo presumiu dun movemento que era positivo "para os traballadores, para o sector e para toda Galicia". Agora, a Xunta reconece "preocupación" e o vicepresidente, Alfonso Rueda, considera a Barreras un activo "moi importante", tanto polo tamaño como pola "carga de traballo vixente" e os centos de empregos directos, indirectos e na industria auxiliar, tendo na actualidade unha carteira de pedidos duns 900 millóns, polo que demanda coñecer as necesidades reais de Barreras para procurar unha solución "integral" para a empresa e as auxiliares.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Tendo en conta a importancia estratéxica do sector naval, que valoración fai o Goberno galego da situación actual de Barreras?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/10/2019 16:39:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/10/2019 16:39:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/10/2019 16:39:47



Á Mesa do Parlamento

Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Guadalupe Murillo Solís, Jackeline Elizabeth Fernández Macías, Gonzalo Trénor López, Marta Nóvoa Iglesias, e Cristina Romero Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta oral Pleno polo **procedemento de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que a Xunta explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

Recentemente, a ministra de Hacienda en funcións ten expresado a intención do Goberno central de transferir tan só 330 dos 700 millóns de euros que adebeda a Galicia, en contra do que demandou o Parlamento galego.

Pese a que o Goberno central rectificou e aprobou actualizar as entregas a conta para este ano ás comunidades autónomas, segue a reter a mensualidade do IVE de 2017 que adebeda e os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da negativa do Goberno central a transferir a totalidade dos 700 millóns que adebeda a Galicia?



Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2019 17:57:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/10/2019 17:57:33

Paula Prado Del Río na data 14/10/2019 17:57:58

María Guadalupe Murillo Solís na data 14/10/2019 17:58:20

Gonzalo Trenor López na data 14/10/2019 17:58:36

Marta Novoa Iglesias na data 14/10/2019 17:59:13

Cristina Isabel Romero Fernández na data 14/10/2019 17:59:27

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 14/10/2019 18:01:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, voceiro do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **PREGUNTA**, dirixida ao **Presidente da Xunta**, para a súa resposta oral no Pleno da Cámara.

PREGUNTA AO PRESIDENTE

- Sr Presidente, que vai facer para resolver os graves problemas que afronta o país?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/10/2019 17:46:23





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que máis ten que pasar para que rectifique os recortes e privatizacións que están poñendo en risco a vida e a saúde das persoas?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2019 18:24:11





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, que vai facer Vde. para poder situarse na centralidade política á que fai referencia nos seus discursos?


Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2019

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2019 17:38:35





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

